

Os clubs deportivos inician o periodo de inscrición e xornadas de portas abertas

Este mes de xuño será o tempo no que os clubs deportivos con categorías de base reinicien o período de apertura de inscricións para a próxima tempada tras un ano de pouca competición debido á pandemia da covid. Para animar aos futuros deportistas celebran xornadas de portas abertas nas que os rapaces poden coñecer directamente como é a práctica deportiva. Por outra banda, a competición nas categorías superiores sénior está a piques de rematar ou xa rematada, co Lugo coa permanencia asegurada e o Breogán cun pé na ACB. **Pax. 27-29**

A zona urbana rediseñase

Lugo experimenta grandes cambios no tráfico rodado para continuar coa peonalización da Muralla con modificacións en numerosas rúas da contorna



Continúan os grandes cambios na cidade para poñer en valor a contorna da Muralla, o máis importante nos últimos anos é a peonalización do tramo da Mosqueira, que trouxo aparallado unha remodelación drástica do tráfico rodado. Así, mudaron de sentido de circulación varias rúas. Xunto a este gran cambio, e tamén relacionado co mesmo, puxéronse en funcionamento as novas liñas de transporte público. Os cambios na mobilidade aplicados na contorna da Mosqueira permitiron crear preto dun cento de prazas de estacionamento a poucos minutos do centro.

cultura. Este verán haberá paseos guiados polo centro da cidade. **Pax. 11**

sociedade. A biblioteca pública continúa coas actividades este mes. **Pax. 12**

reportaxe. José Luis Pereira recolle bicicletas para enviar a África. **Pax. 13**

obras. Continúan as melloras no parque Rosalía de Castro. **Pax. 19**

economía. AJE saca unha promoción para os novos empresarios. **Pax. 20**

rural. Licitadas as actuacións para preservar Santa Eulalia de Bóveda. **Pax. 21**

deportes. Unha carreira solidaria dividida en sete circuitos diferentes. **Pax. 28**

Urban Cores, coa mocidade



A arte urbana embelecerá as fachadas da cidade. **Pax. 10**

Sexta edición do campus de basket



O campus de Álex Llorca volve a Lugo en xullo. **Pax. 27**

O Arde Lvcvs recupera nesta edición os campamentos

A nova edición do Arde Lucus, a cal cumpre 20 anos, comezará o 17 de xuño e contará coa colaboración de 19 asociacións de recreación histórica da cidade. Desenvolverá actividades lúdico culturais que volverán

ser abertas e gratuítas e que manterán un perfil afastado dos grandes fastos que atraían todos os anos a miles de visitantes. Tamén haberá actividades en liña para chegar a todas as casas. **Pax. 4-9**



ACTUALIDAD

Si eres hombre y has accedido a tu prestación de jubilación o incapacidad permanente entre 2016 y 2021...

AUMENTA TU PENSIÓN

Reclama el complemento de paternidad

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: **982 228 606**

VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.
982 228 606
veiguelabogados
veiguela abogados

A FONDO

Tráfico: nova mobilidade

Comezaron os traballos de peonalización da Mosqueira tras un proceso de adaptación aos novos cambios de dirección que ocasiona

As obras de peonalización da Mosqueira adxudicada á empresa Hermanos Pico Yañez deron comezo o 1 de xuño coa posta en marcha da regularización do tráfico, que se someteu a un importantísimo cambio para eliminar este tramo da Rolda da Muralla.

A profunda reestruturación das direccións trouxo moitos atascos en horas punta as primeiras xornadas pero pouco a pouco este vai regularizándose.

Poucos días máis tarde deron comezo tamén as obras propias da peonalización. O tenente de Alcalde e concelleiro de Mobilidade, Rubén Arroxo, explicou que “nestes primeiros días de traballo estanse a levar a cabo as catas arqueolóxicas que permitirán coñecer como é o foso da Muralla neste treito”.

Ademais, estase a executar simultaneamente a retirada da beirarrúa e da antiga instalación de alumado da Muralla, que será renovado nesta actuación. En total, a execución das obras ten un prazo de 8 meses, e foi licitado por 588.836 euros.

A nova praza peonil resultante será un espazo multiusos, con zonas verdes e espazo para a realización de actividades culturais e de ocio, na que se respectará a visión dos arcos da Mosqueira e do edificio racionalista do arquitecto Eloy Maquieira.

O obxectivo desta peonalización non é outro que retirar progresivamente os vehículos da Muralla, dando así solución ás vibracións que están a converterse nun problema para a estrutura.

Mentres as obras continúa o seu proceso, o resto da poboación intenta adaptarse a esta nova remodelación do tráfico, a máis importante dos últimos anos.



De arriba a abaixo, un plano da zona de Lugo que sofre modificacións e imaxes da praza Xaquín Lorenzo, e as rúas Anxo López Pérez e Salvador de Madariaga





Medinformática

SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Empresa líder en el mercado informático en la provincia de Lugo
especializada en equipos portátiles y de sobremesa

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO
T.982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

www.medinformatica.es



De arriba a abaixo, a nova parada de bus na praza de Breña e as rúas Cidade de Vigo e Dinán coas novas direccións

Os principais cambios de direccións

- Unha rotonda ocupa agora a praza Xaquín Lorenzo Xocas, e os seus entronques con Rodríguez Mourelo e rúa Vilalba, ademais da avenida Ramón Ferreiro.
- Salvador de Madariaga cambia de sentido para ser agora ascendente.
- A praza de Breña tamén o seu sentido de circulación. Pasa a ter unha gran dársena para a parada dos buses.
- As rúas Dinán e Galicia pasan a ser unidireccionais con sentido ascendente a primeira.
- Cambian de dirección tamén as rúas Cidade de Vigo e Anxo López Pérez.
- Estes cambios obrigan a que a rúa Jacinto Calvo pasa a ser de baixada.

Co corte ao tráfico rodado dun

tramo máis da muralla, o tráfico que queira volver cara ao monumento en San Roque debe entrar en Ramón Ferreiro, xiro á esquerda cara a Salvador de Madariaga, entrada na praza de Breña, rúa Diná, Hermanitas e entrada en San Roque para regresar ata a Rolda.

Os buses da estación (mentres non se constrúe a Intermodal) ou ben baixarán por Hermanitas cara a San Roque (se o require a liña) ou virarán á esquerda por Cidade de Vigo. Todo este tráfico desemboca nunha gran rotonda na praza Xaquín Lorenzo, en Ramón Ferreiro, onde conflúe o tráfico da estación e o que vén da rolda pola rúa Vilalba. Desta forma poderíase dicir que se crea unha gran mazá contorna ás torres do Seminario e da estación de buses.

Por outra banda, a Rúa Celso Emilio Ferreiro, lateral do Gran Hotel, segue na mesma dirección. Ao final, os vehículos xa non poderán virar á dereita, xa que a Rúa Galicia pasa a ser dunha soa dirección, en sentido praza de Breña. E se queren seguir de fronte por Jacinto Calvo cara a San Roque o sentido da circulación só será de baixada. Jacinto Calvo espérase que se use para os condutores que queiran ir cara a Catasol e Fontiñas, sen ter que pasar por San Roque e a Rolda da Muralla.

O tenente de Alcalde Rubén Arroxó destacou que “este cambio permitirá gañar sobre 100 prazas de estacionamento próximas ao centro” e vense a sumar a outros cambios realizados en datas próximas nas zonas de Recatelo e Río Sil, entre outras.



A futura zona peonil co tráfico xa cortado e o cruce de Ramón Ferreiro con Salvador de Madariaga

ESTUDIO EN RÚA DO PETO
39 METROS, CONSTRUCCIÓN 2008

1 habitación, 1 baño, cocina americana, tendedero, calefacción, sin estrenar. Suministros dados de baja Ascensor, garaje, trastero.

45 000 €

APARTAMENTO EN MANUEL MURGUÍA
69 METROS, CONSTRUCCIÓN 2006

2 habitaciones, 2 baños, cocina, salón, tendedero, zona comunitaria, calefacción central a gasoil con contador. Amueblado a medida. Ascensor, garaje, trastero.

155 000 €

PISO EN SERRA DE ANCARES
108 METROS, CONSTRUCCIÓN 1989

3 habitaciones, 2 baños, cocina, salón, tendedero, galería, calefacción central. Ascensor. No amueblado. CERCA DEL EDIFICIO MULTIUSOS.

119 000 €

PISO EN ACACIAS
123 METROS, CONSTRUCCIÓN 2004

4 habitaciones, 2 baños, cocina, salón, tendedero, terraza de 46 metros, balcón, calefacción central con contador. Ascensor, garaje, trastero, amueblado.

225 000 €

698 119 445

LUGO

Conta atrás para o Arde Lvcvs

A XX edición da festa recupera gran parte da actividade presencial, que combinará cos campamentos e outras actividades en liña

Todo está preparado en Lugo para a XX edición do Arde Lucus, que terá lugar os días 17, 18, 19 e 20 de xuño. Novamente, se recorrerá, debido as restricións sanitarias, a un formato mixto con máis de medio centenar de actos e actividades organizadas polos colectivos de recreación histórica que fixeron posible en conxunto co Concello manter viva a chama.

Non se dubida xa de que esta festa, dinámica, viva e en constante renovación, ten un destacado alcance social, turístico e económico. De feito, xa é un dos motores imprescindibles para axudar ao desenvolvemento da cidade e para que cada vez mais xente a coñeza e a visite vía presencial ou online.

Na edición pasada, a máis virtual da historia debido á crise sanitaria, chegaron a máis de 350.000 persoas, e nesta edición, na que se incorporan actividades a pé de rúa respectando as medidas de seguridade tamén apostan pola vía on line.

Entre as novidades desta edición figuran tres concertos, ubicados todos eles na explanada do Pavillón Municipal: o 17 de xuño actuará Califato ¾; o venres 18, Xabier Díaz e as adufeiras de salitre e o sábado 19, Oreka Tx.

Ademais, Diego AS, campión de España de Graffiti, elaborará un graffiti na ronda da Muralla, de Cayo Julio César.

En canto o público infantil, contará coa representación musical da obra de teatro *Hércules* e tamén esta contemplada unha conferencia telemática con tropas e lexións estranxeiras que pola situación actual non poden achegarse á cidade.

Por outra banda, volveranse a celebrar as vodas celtas e romanas, previa inscrición e Lugo voltará a recibir aos campamentos, aínda que máis reducidos, que estarán ubicados en diferentes zonas da cidade como viña sendo habitual nas pasadas edicións, contando en todos eles cunha persoa encargada de controlar o aforo e as visitas aos mesmos estarán reguladas por horarios e días. O Macellvm cambiará de ubicación trasladándose ao parque Rosalía de Castro, e contará con 29 postos de artesanía e control de aforo na entrada.

O primeiro dos actos xa tivo lugar, e foi o inicio da conta atrás. A alcaldesa foi a anfitriona da cerimonia, enmarcada no Natalicio, que culminou coa colocación dun simbólico reloxo na Porta de San Fernando.



Diferentes momentos do Arde Lucus do ano pasado

XX anos de historia

O Arde Lvcvs comezou a súa andaina no ano MMIII cun obxectivo primordial: rememorar a fundación da nosa cidade recreando o seu pasado romano e castrexo. Conxúganse os aspectos lúdicos, históricos e culturais, coa maior rigorosidade histórica posible e aproveitando que a Muralla é Patrimonio da Humanidade dende o ano 2000. O recinto histórico amurallado transfórmase, cada ano durante tres días, en Lvcvs

Avgvsti, destacada urbe da Gallaeia romana, ofrecendo a quen a visita un completo programa de actividades, nun marco incomparable como é a Muralla, que cobra durante a festa un especial protagonismo. Outro elemento clave é a implicación das súas xentes, os axentes sociais, colexios, asociacións, clubs deportivos... Xa sexa con roupas romanas ou castrexas, toman as rúas durante toda a fin de semana, parti-

cipando activamente no espírito da festa. Grazas ao esforzo conxunto do goberno local, da cidadanía, da implicación de axentes sociais, clubs deportivos, de diversos organismos privados que colaboran a través do seu patrocinio e por suposto das asociacións de Lugo, o Arde Lvcvs foi medrando, converténdose nunha conxugación perfecta entre ocio e cultura, nun referente a nivel nacional, cunha grande repercusión

mediática e de afluencia de público. No seu décimo aniversario (MMXI) logrou o recoñecemento como Festa de Interese Turístico Galego e no ano 2017 a de Fiesta de Interés Turístico Nacional. Nos últimos anos o Arde Lvcvs acadou prestixio nacional e incluso internacional, formando parte da Asociación Española de Festas e Recreacións Históricas e da Federación Europea de Manifestacións Históricas.

VP MASCARILLAS

• VP2 ESPECIAL COVID-19

Caja 25 Mascarillas



OFERTA HASTA EL
30 JUNIO



MASCARILLAS FFP2 ARI •

Caja 10 Mascarillas

NOVEDAD



9,50
€



• MASCARILLAS QUIRÚRGICAS IIR
ADULTOS Y NIÑOS - VARIOS COLORES

Caja 50 Mascarillas



Certificadas por AITEX

FABRICADAS EN GALICIA
EN SALA BLANCA PARA UNA TOTAL HIGIENE

COMPRA DIRECTAMENTE EN:

TIENDA ONLINE

www.vpmascarillas.com

TIENDA EN FÁBRICA

Avda. Benigno Rivera, 64. 27003 Lugo - 982 147 520

+ INFO: info@vpmascarillas.com

MERCENARIOS GALAICOS

“Faremos un obradoiro de pan castrexo”



Os Mercenarios Galaicos son unha asociación de recreación histórica creada no 2013 para o Arde Lucus. Estarán no seu campamento situado na praza da Horta do Seminario en horario de venres de 16:30 a 21:00, sábado de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00, e domingo de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00 horas.

Cantos sodes?
Somos 100 participantes. Foron cambiando o longo destes anos, pero sempre fumos 100 polas infraestruturas necesarias, é dicir, hai que dar o almorzo a 100 persoas e sentadas, polo tanto co sitio que temos é o número ideal.

Que facedes este ano?
As actividades deste ano van ser moi estáticas xa que non está permitido este ano que a xente entre no cam-

pamento, así que verán os nosos traballos de pasada. E faremos algunha cousa coa forxa, con madeira, con coiro, etc.

Será o mesmo tipo de campamento que noutras ocasións?
O campamento vai estar aberto ao público e haberá diferentes exposicións dentro pero a xente case non se poderá parar para ver as cousas con detalle. Vai ser un ano raro, ademais, seremos arredor de cinco persoas por quenda, e non teremos parte privada, estará montado doutra maneira para ter máis espazo.

Teredes algunha novidade respecto a outros anos?
O domingo ás 12.30 faremos un obradoiro de pan castrexo, amasarémolo e cocerémolo nos. Se a xente pasa nese momento poderá degustalo.

DIEGO AS

“Este graffiti entra dentro da Urban Cores”

Diego As é un grafitreiro lucense que quedou campeón das Graffiti Battles e que ten preparado para o Arde Lvcvs un graffiti de Xulio César.

En que vai consistir o graffiti que vas a realizar no Arde Lvcvs?
O graffiti ímolo pintar entre Nesui, o meu socio de toda a vida que ven de Málaga, máis eu. A idea consiste en facer unha figura de Xulio César, coma se fose unha escultura, en tons grises, aínda que non quero desvelar moito. Consideramos que é boa idea algo relacionado co propio Arde Lvcvs. Ademais, esta pintada entra dentro da programación dun festival que comezou agora chamado Urban Cores, no que se programan actividades e obradoiros de graffiti orientados á xuventude.

Onde se vai a realizar a obra?
O graffiti ímolo pintar nunha fachada que se atopa na Rolda da Muralla, un pouco antes da gasolineira Martí-



nez. Íase facer noutra zona da cidade pero esa é unha medianeira que fai tempo que tiñamos pedido polo que decidimos aproveitala nesta ocasión.

Canto vai durar a intervención?
En principio imos pintar de luns a domingo, depende tamén de como veña o tempo.

A idea ven por algo en particular?
A verdade é que non. Queríamolo facer noutra zona da cidade e aproveitamos para sacalo en Arde Lvcvs, aínda que a actividade é da programación do Urban Cores.

COHORS III

“O seguinte paso é que o Arde Lvcvs sexa Festa de Interese Turístico”

Cando naceu a asociación Cohors III lucensium?
A nosa é a máis antiga de todas, levamos agora, se non recordo mal, 14 anos en funcionamento. Foi a primeira que surtiu en Lugo coma asociación de recreación romana. Actualmente, traballamos en máis sitios ca no Arde Lvcvs para recrear e dar a coñecer Lugo fóra das propias murallas e, nos últimos anos, incluso no estranxeiro.

Cantos formades parte do proxecto?
Hoxe andamos en torno aos 80 ou 85 en activo sendo socios. A parte, tamén está a figura do asociado e colaboradores.

Canto tardades en montar un campamento?
En canto á parte externa do campamento que temos a día de hoxe, móntase nun par de días. Neste caso, traballamos cunha empresa de aquí de Lugo porque necesitamos plataformas para desprazalo ata o centro. Na praza maior instálanse dúas grúas e outra instálase na nave do Ceao, onde temos todo almacenado e onde o montamos para poñelo nas plataformas. En canto á



parte interna e aos detalles, solemos tardar uns 3 ou 4 días polo menos. Agora xa temos experiencia e o que máis leva son os pequenos detalles.

Que actividades faredes este ano?
Este ano montaremos un campamento que non vai a ser como o que montamos habitualmente, senón que é algo máis ventilado e máis aberto para que a xente o vexa sen acumularse ao seu redor. Se se nos permite, tamén faremos algún desfile. En canto a outras actividades, nós temos un problema e é que moitas delas eran actividades de combate ou de contacto, polo que non se van a poder realizar. Así mesmo, o que si faremos, serán conferencias. Ademais, tamén faremos unha reunión a

través de videochamada con outras asociacións de Rumanía, Francia, Italia e Portugal coas que temos relación para que estean presentes no Arde Lvcvs.

Como vedes a evolución da festa?
Vimos unha evolución enorme, o que pasa é que agora dá un pouquiño de medo que non siga crescendo. Esperemos que nomeen ao Arde Lvcvs coma unha Festa de Interese Turístico Internacional que é o seguinte paso. Eu sempre o dixen, o máis impresionante do Arde Lvcvs é a poboación de Lugo. Ti cando vas por ahí adiante o que ves é que pode haber moita xente vendo os eventos pero participando coma participa a poboación da nosa cidade é moi complicado.

ASOCIACIÓN SALESIANI LUCI AUGUSTI

“Teremos a demostración de coroas romanas e de cota de malla”

Cando se creou a asociación?
A asociación inscrita no Concello de Lugo surtiu en 2014 pero organizámonos dende o ano 2006 coma grupo. Dende ese ano xa nos organizamos 300 persoas que forman parte da comunidade educativa do colexio Salesianos, entre os que se encontran alumnos, pais, profesores, persoal non docente e tamén exalumnos e familias.

Por qué xurdiu idea?
A idea xurdiu a través da nai dun alumno que quería facer algo no colexio polas festas cando estas comezaron a ter máis prestixio. Dende o colexio comezamos a movernos e organizamos a xente e diferentes actividades que se iniciaron dende o primeiro ano. Nós facemos o mesmo ou case o mesmo que facíamos cando eramos grupo, de feito, o único distinto é que agora contamos cun campamento que montamos na entrada do parque Rosalía, xunta a estatua da propia Rosalía de Castro. En relación a este ano, probablemente

sexa un pouco máis reducido pola situación na que nos atopamos.

Participades en máis festividades?
Non adoitamos saír a fóra xa que a nosa asociación non é igual ca outras. Nós somos parte dun colexio e é máis complicado organizar e participar en outras cidades. Participamos no Friulio dous anos e noutros eventos coma no Lucus Cultural realizando actividades e obradoiros e no Corpus Christi desfilando.

Que actividades realizades este ano?
O sábado temos a demostración de como facer as coroas romanas, as patricias e os patricios. Xa pola tarde, teremos a demostración da cota de malla e, ás oito da tarde, faremos unha loita de gladiadoras. Neste último caso, comezouse cun grupo de gladiadores mixto, sen embargo, moitos fóronse pasando a soldados porque lles gustaba máis desfilas e, ao final, quedaron só mulleres. Comezamos a investigar e vimos datos que confirmaba que existiran mulle-



res gladiadoras polo que, actualmente, o grupo está dedicado a mulleres exclusivamente. En canto ao domingo, como somos un colexio, ímolo adicar aos nenos e nenas a través da lectura de fábulas de Fedro, un fabulista romano.

Unha programación diferente

O Arde Lvcvs 2021 recupera os campamentos, onde se xestarán todos os actos, e terá un programa de actividades seguras

ACTIVIDADES

DÍA 14 XUÑO

- Exposición balcóns e fachadas decoradas (ata 20 de xuño)

DÍA 17 XUÑO

- Acendido do lume sagrado de Vesta Fondo da Praza Maior. Nas redes sociais.
- Entrada das lexiões romanas ao mando do xeral Caio Antistio "O Vello", e toma da cidade. Ponte romano.
- Concerto de Califato Explanada Pavillón Mvncipal 20:30 horas.

DÍA 18 XUÑO

- Salutat Parqve Rosalía de Castro
- Concerto Xabier Díaz e as Advfeiras de Salitre. Explanada Pavillón Mvncipal ás 20:30 horas.

DÍA 19 XUÑO

- Hércvles. Mvsical infantil. Calella do Hospital ás 13:00 horas.
- Programa Arde Lvcvs en streaming ás 16:30 horas. Na canle de Youtube de Arde Lvcvs.
- Vodas celtas. Portamiñá ás 17:00 horas. Inscripción no correo vodas-celtas@xuventudelugo.gal.
- Vodas romanas. Praza Maior ás 17:00 horas. Inscripción previa en formulario. xuventudelugo.gal.
- Concerto de Oreka Tx. Explanada Pavillón Mvncipal ás 20:30 horas. Entradas en entradaslugo.es.

DÍA 20 XUÑO

- Hércvles. Mvsical infantil. Calella do Hospital ás 13:00 horas.
- Vodas celtas. Portamiñá ás 17:00 horas. Inscripción no correo vodas-celtas@xuventudelugo.gal.
- Vodas romanas. Praza Maior ás 17:00 horas. Inscripción previa en formulario. xuventudelugo.gal.
- Armilvstrivm. Fondo da Pr. Maior
- Apagado do lume sagrado de Vesta, Fondo da Pr. Maior. Nas redes sociais.

THEATRVM

Na Calella do Hospital

VENRES 18 XUÑO


- 18:30 h. Histriones et saltatores. Nostrvm Cai.
- 20:00 h. Histriones et saltatores. Nostrvm Cai.

SÁBADO 19 XUÑO

- 11:00 h. A conxvra senatorial. Capítvlo I. Senatvs de Lvcvs Avgvsti.
- 11:45 h. A conxvra senatorial. Capítvlo I. Senatvs de Lvcvs Avgvsti.
- 13:00 h. Hércvles. Mvsical infantil.
- 18.30 h. A tvrbia historia de Clavdia e Mesalina. Hipócrita teatro.
- 20:00 h. A tvrbia historia de Clavdia e Mesalina. Hipócrita teatro.

DOMINGO 20 XUÑO

- 11:00 h. Artem Venderit. Achádego Teatro.
- 11:45 h. Artem Venderit. Achádego Teatro.
- 13:00 h. Hércvles. Mvsical infantil.
- 16:30 h. Pvgnae Philosophicae.



Jvan Casaveteiro

- 18:00 h. Pvgnae Philosophicae. Jvan Casaveteiro

MVSICORVM

Na Explanada Pavillón municipal

XOVES 17 XUÑO

20:30 h. Concerto de Califato 3/4.

VENRES 18 XUÑO

20:30 h. Concerto Xabier Díaz e as advfeiras de salitre.

SÁBADO 19 XUÑO

20:30 h. Concerto de Oreka Tx.

MACELLVM

No Parqve Rosalía de Castro

Venres 18 de 16:00 a 21:30 h.

Sábado 19 de 11:00 a 21:30 h.

Domingo 20 de 11:00 a 21:30 h.

CASTRA

No Parque Rosalía de Castro. Civitas Lvcensis/ Clan de Breogán/ Lvgdvnm/ Terra Copora/ Salesiani de Lvcvs Avgvsti

Civitas Lvcensis. Venres: de 16:30 a 21:00. Sábado: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de

11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

VENRES 18 XUÑO

- Exposición Castrexo-Romana e fotográfica Civitas 2010-2020.
- 17:30 h. Vestindo o soldado Romano.
- 18:00 h. Cesteando (zona cas-



trexa).

- 19:30 h. Vestindo o soldado Romano.

SÁBADO 19 XUÑO

- Exposición Castrexo-Romana e fotográfica Civitas 2010-2020.
- 13:00 h. Vestindo o soldado Romano.
- 17:30 h. Vestindo o soldado Romano.
- 18:00 h. Pulseras con nudo celtas.
- 19:30 h. Vestindo o soldado Romano.

DOMINGO 20 XUÑO

- Exposición Castrexo-Romana e fotográfica Civitas 2010-2020.
- 13:00 h. Vestindo o soldado Romano.
- 17:30 h. Vestindo o soldado Romano.
- 18:00 h. Cesteando (zona castrexa).
- 19:30 h. Vestindo o soldado Romano.

Clan de Breogán. Venres: de 16:30 a 21:00. Sábado: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00

VENRES 18 XUÑO

- Exposición de panoplia galaica. Exposición de cvncheiro galaico.

Exposición evolución olería galaica. Exposición evolución ovrivaria galaica.

SÁBADO 19 XUÑO

- Exposición de panoplia galaica. Exposición de cvncheiro galaico. Exposición evolución ovrivaria galaica. Exposición evolución olería

- Decoración castrexa. Armero con lanzas e escudos. Exposición indumentaria castrexa. Maqveta dvnha palloza con moitos dos nosos enseres habitvais. Maqveta dvn castro. Streaming do obradoiro do "orácvlo castrexo" a cargo do drvída e os sevs axvdantes: Horóscopo celta. Pasando o nome a escritvra ogham.

Terra Copora. Venres: de 16:30 a 21:00. Sábado : de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

VENRES 18 XUÑO

- Recreación tenda de lexionario cos enseres típicos da época: Panoplias Cociña. Elementos para o tempo de lecer, etc. Recreación cabana castrexa: Cociña, Cerámica, Mvíño, Mostra de ovrivaria castrexa. Os arranxos de material lexionario. Elaboración de vngüentos. Ovtras actividades habitvais da vida cotiá.

SÁBADO 19 XUÑO

- Recreación tenda de lexionario cos enseres típicos da época: Panoplias Cociña. Elementos para o tempo de lecer, etc. Recreación cabana castrexa: Cociña, Cerámica, Mvíño, Mostra de ovrivaria castrexa. Os arranxos de material lexionario. Elaboración de vngüentos. Ovtras actividades habitvais da vida cotiá.

DOMINGO 20 XUÑO

- Recreación tenda de lexionario cos enseres típicos da época: Panoplias Cociña. Elementos para o tempo de lecer, etc. Recreación cabana castrexa: Cociña, Cerámica, Mvíño, Mostra de ovrivaria castrexa. Os arranxos de material lexionario. Elaboración de vngüentos. Ovtras actividades habitvais da vida cotiá.

Salesiani de Lvcvs Avgvsti. Venres: de 16:30 a 21:00. Sábado : de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

VENRES 18 XUÑO

- Carpa con exposición. Pérgola con vestimenta e complementos lexionarios. Tenda de campaña de contubernio.

SÁBADO 19 XUÑO

- 12:00: Mostra de como confeccionar vnha coroa de flores.
- 17:30: Lectvra de fábvlas.
- 13:30 a 20:00 Obradoiro de lorica hamaca (cota de malla).
- 20:00: Loita de gladiadoras.

DOMINGO 20 XUÑO

- 12:30: Lectvra de fábvlas. Charla explicativa exposición.

FÓRA DA CASTRA

Mercenarios Galaicos. Na Praza Horta do Seminario. Venres: de 16:30 a 21:00. Sábado: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

VENRES 18 XUÑO

- Exposición de armamento galaico Exposición dvnha palloza castrexa. Tecido no tear castrexo. Traballando coa madeira

SÁBADO 19 XUÑO

- Exposición de armamento galaico. Exposición dvnha palloza castrexa. Tecido no tear castrexo. Traballando coa madeira. 12:30 Traballos na fragva co metal Invocación aos devses (nas redes sociais).

DOMINGO 20 XUÑO

- Exposición de armamento galaico. Exposición dvnha palloza castrexa. Tecido no tear castrexo. Traballando coa madeira. 12:30 Obradoiro de pan castrexo.

Lvcvs Eqvites. Na Rva Anxo López Pérez (Edif. admin. Concello). Sábado: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

XOVES 17 XUÑO



- Ponte romano. Entrada das lexións romanas ao mando do xeral Caio Antistio “O Vello”, e toma da cidade.

SÁBADO 19 XUÑO

- 11:30 – 13:00 Elaboración de cota de malla. Traballo cvn tear. Acvñado de moeda, Alfarrería e cerámica nvn torno. Forxa. Escriba.
- 17:30 – 19:00 Elaboración de cota de malla. Traballo cvn tear. Acvñado de moeda, Alfarrería e cerámica nvn torno. Forxa. Escriba

DOMINGO 20 XUÑO

- 11:30 – 13:00 Elaboración de cota de malla. Traballo cvn tear. Acvñado de moeda, Alfarrería e cerámica nvn torno. Forxa. Escriba.
- 17:30 – 19:00 Elaboración de cota de malla. Traballo cvn tear. Acvñado de moeda, Alfarrería e cerámica nvn torno. Forxa. Escriba.

Trebas Galaicas. No Cantiño Nemesio Cobreros. Venres: de 16:30 a 21:00. Sábado: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

VENRES 18 XUÑO

- Exposición gviada polo campamento. Réplica de estatva de Gverreiro Galaico. Exposición



De arriba a abaixo, a presentación da edición deste ano, e dous colectivos desfilando noutras edicións

- de panoplia. Réplica de Pedra
- Formosa. Maqveta de savna galaica. Réplicas de petroglifos. Exposición de artesanía realizada por Trebas Galaicas.

SÁBADO 19 XUÑO

- Exposición gviada polo campamento. Réplica de estatva de Gverreiro Galaico. Exposición de panoplia. Réplica de Pedra
- Formosa. Maqveta de savna galaica. Réplicas de petroglifos. Exposición de artesanía realizada por Trebas Galaicas.

DOMINGO 20 XUÑO

- Exposición gviada polo campamento. Réplica de estatva de Gverreiro Galaico. Exposición de panoplia. Réplica de Pedra
- Formosa. Maqveta de savna galaica. Réplicas de petroglifos. Exposición de artesanía realizada por Trebas Galaicas.

Pax Romana. Na Praza da Constitución. Sábado: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

XOVES 17 XUÑO

- Ponte romano. Entrada das lexións. romanas ao mando do xeral Caio Antistio “O Vello”, e toma da cidade.

SÁBADO 19 XUÑO

- 11:00 a 12:00. Oficina activari/tipografías, documentos, ferramentas e materiais. A escritvra romana.
- 12:00 a 13:00. Oficina monetaris/acvñación de moeda, listos para comprar.
- 13:00 a 14:00. Oficina activari/tipografías, documentos, ferramentas e materiais. A escritvra romana.
- 17:00 a 19:00. Oficina activari/tipografías, documentos, ferramentas e materiais. A escritvra romana.
- 19:00 a 21:00. Oficina monetaris/acvñación de moeda, listos para comprar.

DOMINGO 20 XUÑO

- 11:00 a 14:00. Oficina monetaris/acvñación de moeda, listos para comprar.
- 17:00 a 19:00. Oficina actvari/tipografías, documentos, ferramentas e materiais. A escritvra romana.
- 19:00 a 21:00. Oficina monetaris/ acvñación de moeda, listos para comprar.

Ara Roma. Na Praza Anxo Fernández Gómez. Venres: de 16:30 a 21:00. Sábado: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

VENRES 18 XUÑO

- 19:00 h. Consagración do Templo de Ara Roma.
- 20:00 h. Ofrendas o devs Júpter.
- 20:30 h. Proxección “Pax Deorum”.

SÁBADO 19 XUÑO

- 12:00 h. Avspicios dos avgvres para o Arde Lvcvs.
- 13:00 h. Confarreatio. ¡ímonos de voda!, oficiada polo Flamen Diales.
- 18:00 h. “O Olimpo das devsas” (representación).
- 18:15 h. Sacrificio en honor as devsas e bendición das tropas romanas, con la colaboración de Salesiani Lvcí Avgvsti.

DOMINGO 20 XUÑO

- 12:00 h. “Popvlis Nvptatie” (representación).

- 17:00 h. Obradoiro de velas e herbas para as ofrendas.
- 17:00 h. Exposición de herbas e aceites esenciais vtilizados nas ofrendas.
- 18:00 h. Obradoiro “Tempos Fvgit”.

Lvcvs Icenas Miliatore. Na Praza Anxo Fernández Gómez. Venres: de 16:30 a 21:00. Sábado: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

VENRES 18 XUÑO

- Asentamento y recepción da raína Bovdica. Rebeldía da Raína Bovdica.

SÁBADO 19 XUÑO

- A vida no campamento. Nacemento dvn gverreiro. A bendición de Andraste. Fame e sede de vitoria. Arenga no trono. Gravación do vídeo “Rebelión da Raína Guerreira”.

DOMINGO 20 XUÑO

- A vida no campamento. Nacemento dvn guerreiro. A bendición de Andraste. Fame e sede de vitoria. Arenga no trono.

Cohors III Lvcensivm. Na Praza Maior. Venres: de 16:30 a 21:00. Sábado: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

XOVES 17 XUÑO

- Ponte romano. Entrada das lexións romanas ao mando do xeral Caio Antistio “O Vello”, e toma da cidade.

VENRES 18 XUÑO

- Campamento de campaña. 1 Tenda médica. 4 Tendras de contvbernio. 1 Tenda centvrión. 1 Tenda Legatvs. Forno. Noria de canxilóns. Pozo. Estrvctvra porta lóricas. Estrvctvra porta pilvm. 2 Cociñas de campaña. Porta estandartes. Estrvctvras Signifer
- Escorpión. 4 Vitrinas. Catapvlta. Fragva. 4 Pebeteros. Escvltvra xabarin na Praza Maior. Templo de Mitra no Lateral Concello de Lvgo. Ariete. Ballista.

SÁBADO 19 XUÑO

- Campamento de campaña. 1 Tenda médica. 4 Tendras de contubernio. 1 Tenda centurión. 1 Tenda Legatvs. Forno. Noria de canxilóns. Pozo. Estrvctvra porta lóricas. Estrvctvra porta pilvm. 2 Cociñas de campaña. Porta estandartes. Estrvctvras Signifer. Escorpión. 4 Vitriñas. Catapvlta. Fragva. 4 Pebeteros. Escvltvra xabarín na Praza Maior. Templo de Mitra no Lateral Concello de Lvgo. Ariete. Ballista.
- 13:45. Encontro dixital coas tropas e lexións estranxeiras e co Presidente da AEFRH.: Presidente da AEFRH Antonio Madrid, Lexio IX Hispana de Punta Umbria, Lexio I ADIVTRIX Rumanía, Asociación GETO-DACII de Moldavia, Asociación Sagunto Augusta de Valencia, Dario Bataglia (Italia) Desfile noctvrno con fachos (nas redes sociais)

DOMINGO 20 XUÑO

- Campamento de campaña. 1 Tenda médica. 4 Tendras de contubernio. 1 Tenda centurión. 1 Tenda Legatvs. Forno. Noria de canxilóns. Pozo. Estrvctvra porta lóricas. Estrvctvra porta pilvm. 2 Cociñas de campaña. Porta estandartes. Estrvctvras Signifer. Escorpión. 4 Vitriñas. Catapvlta. Fragva. 4 Pebeteros. Escvltvra xabarín na Praza Maior. Templo de Mitra no Lateral Concello de Lvgo. Ariete. Ballista.
- 20:00. Armilvstrivm e apagado do lvme no fondo praza maior.

Asemblearias de Lvcvs Avgvsti.

Nos Xardíns Mvseo Provincial. Venres: de 16:30 a 21:00. Sábado: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

VENRES 18 XUÑO

- 17:15. Exposición VIP: a vestimenta das Patricias
- 18:30. Svsrvros á boca da verdade
- 19:30. As Patricias de Roma chegan a Lucus Augusti.

SÁBADO 19 XUÑO

- 12:15. Mural a unha Gran Dama de Roma (dirixida a nenos).
- 12:30. Camiñando sobre papiros con Sulpicio.
- 13:00. Hortensia e o primer alegato feminino da historia.
- 13:30. Presentación e inicio dunha nova patricia.
- 17:15. Probando a fortuna dos deuses.
- 18:00. VIP: cómo vestir a unha Emperatriz de Roma.
- 18:45. Ritual Mitolóxico/ alegoría ás estacións.
- 20:00. VIP; Vestimenta imperial dunha Patricia

DOMINGO 20 XUÑO

- 12:30. Mineia e as mellores joyas das patricias de Roma.
- 13:00. Encontra o tesouro secreto de Livia Drusilla.



- 17:15. O primeiro Escape Room do Arde Lucus
- 18:30. O covid dos Romanos.
- 19:00. O Lararium, O Culto doméstico.

Kertix. Na Praza Pío XXII. Venres: de 16:30 a 21:00. Sábado: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

VENRES 18 XUÑO

- 19:00 a 20:30 h. Silva Tenebrarvm. Exposición de marionetas mitolóxicas e de fábvla. Exposición de cestería Galo – Romana.

SÁBADO 19 XUÑO

- 12:00 a 13:00 h. Pequenos telares para grandes pasamanerías.
- 19:00 a 20:30 h. Silva Tenebrarvm. Exposición de marionetas mitolóxicas e de fábvla. Exposición de cestería Galo – Romana.

DOMINGO 20 XUÑO

- 12:00 a 13:00 h. Favna e vexetación de mvrales romanos. Exposición de marionetas mitolóxicas e de fábvla. Exposición de cestería Galo – Romana.

Gvardia Pretoriana. Na Praza San Marcos. Venres: de 16:30 a

21:00. Sábado: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

VENRES 18 XUÑO

- Exposición de condecoracións a lexionarios. Torques. Armvlae.

Coroa ovro. Coroa mvralis. Coroa naval. Exposición de armas, corazas e cascos. Exposición de indvmentaria romana. Túnicas. Calzado. Vtensilios para el aseo mascvlinio e feminino. Alabastroteca. Maqveta de Lvcvs

Avgvsti S. IV d.c. Tenda Praetorium. Escribanías. Ilvminación romana.

SÁBADO 19 XUÑO

- Exposición de condecoracións a lexionarios. Torques. Armvlae. Coroa ovro. Coroa mvralis. Coroa naval. Exposición de armas, corazas e cascos. Exposición de indvmentaria romana. Túnicas. Calzado. Vtensilios para el aseo mascvlinio e feminino. Alabastroteca. Maqveta de Lvcvs Avgvsti S. IV d.c. Tenda Praetorium. Escribanías. Ilvminación romana.

DOMINGO 20 XUÑO

- Exposición de condecoracións a lexionarios. Torques. Armvlae. Coroa ovro. Coroa mvralis. Coroa naval. Exposición de armas, corazas e cascos. Exposición de indvmentaria romana. Túnicas. Calzado. Vtensilios para el aseo mascvlinio e feminino. Alabastroteca. Maqveta de Lvcvs Avgvsti S. IV d.c. Tenda Praetorium. Escribanías. Ilvminación romana.

Caetra Lvcensivm. Na Rva San Froilán (destrás cvartel de San Fernando). Sábado: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00. Domingo: de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00.

SÁBADO 19 XUÑO

- Exposición e recreación de obradoiros. A bomba de avgva. Ceca: Fabricación da Castra. Valvtdinario: hospitalización, instrvmentos médicos e métodos de cvración. Escritvra: aprende a escribir como os nosos antepasados romanos.

DOMINGO 20 XUÑO

- Exposición e recreación de obradoiros. A bomba de avgva. Ceca: Fabricación da Castra. Valvtdinario: hospitalización, instrvmentos médicos e métodos de cvración. Escritvra: aprende a escribir como os nosos antepasados romanos.



IES da Terra Chá, José Traperó Pardo
FORMACIÓN PROFESIONAL

- CICLO FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA EN ACTIVIDADES AGROPECUARIAS
- CICLO MEDIO: TÉCNICO EN APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL
- CICLO SUPERIOR: TÉCNICO SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL

MATRÍCULA: Do 25 de xuño ao 5 de xullo

Infórmate ou visítanos no
IES da Terra Chá "José Traperó Pardo"
Avda. Terra Chá s/n, Castro Ribeiras de Lea - 27269, Castro de Rei - Lugo
Tel.: 982 870 144 / 982 870 145
ies.terra.cha@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/iesdaterracha

O xurado delibera sobre o cartaz do San Froilán



A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, recibiu esta mañá no concello a Aurelia Balseiro, Esther Muñoz e Begoña Pérez, que conformaron o xurado que decidirá o cartaz da edición 2021 San Froilán e do San Froilán Miúdo. Maite Ferreiro explicou que “estamos a traballar nunha nova edición do San Froilán na que se volvan garantir as medidas de seguridade, e tendo en conta o avance da vacinación e as restricións que estén vixentes este outubro”. As tres integrantes do xurado esco-

laron unha gañadora entre as 70 participantes no San Froilán e 40 no Miúdo. A autora do cartaz gañador do San Froilán recibirá un premio de 2.000€, mentres que a gañadora do miúdo recibirá material de pintura e debuxo valorado en 300€. Maite Ferreiro afirmou que “anualmente coñecemos a gran calidade das deseñadoras e deseñadores de Lugo co concurso do San Froilán”, e engadiu “tamén vemos a gran calidade dos debuxos das rapazas e rapaces que anualmente se presentan a este certame”.

Comezan as actividades de medio ambiente no Terras do Miño

A Deputación de Lugo pon en marcha, a través do Servizo de Medio Ambiente, unha nova programación que inclúe cinco actividades gratuítas para fomentar o ocio saudable nos veciños e veciñas da provincia na contorna da Reserva da Biosfera Terras do Miño, un territorio xestionado pola propia institución provincial. Estas propostas levaranse a cabo dende o 31 de maio e rematarán o 9 de xullo e están pensadas para o público en xeral, para adultos ou para nenos de 5 a 12 anos.

As actividades levaranse a cabo no Centro de Interpretación Terras do Miño, un espazo situado no paseo do Rato.

A primeira proposta será a Elaboración de Conservas Artesanais e aproveitamento de Recursos, que se levará a cabo dende hoxe, 31 de maio ao 4 de xuño. As vindeiras actividades permitirán buscar rastros, ampliar o coñecemento no cultivo de plantas en textos ou realizar actividades infantís para coñecer o entorno da Reserva da Biosfera Terras do Miño. O programa remata en xullo cunhas Xornadas de Divulgación Científica e



Actividade realizada no centro

Educación para os máis pequenos. As inscricións xa están abertas. Debido ás actuais restricións sanitarias, o número de prazas por actividade é de 8 persoas e os interesados e interesadas en participar deberán inscribirse na páxina web da institución provincial: <http://inscricions.deputacionlugo.org/gl/tema/actividades-medioambientais>. As persoas interesadas poden recibir máis información na web da institución provincial, no teléfono 982.305.930 ou no correo und.medioambiente@deputacionlugo.org. O último obradoiro dirixido a adultos será Rastros, pegadas e sinais

dos animais que nos rodean, que se realizará dende o 14 ao 18 de xuño e terá tamén horario de 10.00h a 14.00h. En canto as actividades dirixidas a nenos e nenas de entre 5 e 12 anos, a primeira que se desenvolverá será unha actividade do entorno medioambiental da Reserva da Biosfera Terras do Miño e celebrase do 23 ao 25 e do 28 ao 30 de xuño, en horario de 10.00h a 14.00h. Finalmente, do 1 ao 2 e do 5 ao 9 de xullo levaranse a cabo xornadas de divulgación científica e educación, unha actividade que tamén está dirixida a nenos e nenas de 5 a 12 anos en horario de 10.00h a 14.00h.

O evento Urban Cores nace para achegar a arte urbana á mocidade

Nace en Lugo unha nova iniciativa, o Urban Cores, un evento que deseñado co propósito de achegar a arte urbana e contemporánea á mocidade en risco de exclusión social. Con esta cita, que nace con vocación de celebrarse anualmente, preténdese que a arte urbana e contemporánea non só sexa unha ferramenta para embelescer a cidade coa decoración de fachadas e medianeiras, senón que se utilice como un recurso lúdico formativo dirixido á xuventude máis desfavorecida. E farase, ademais, das mans dos mellores artistas de Lugo e Galicia.

Por iso, programaranse actividades e talleres de graffiti orientados á mocidade. Así pois, explicouse que serán os servizos sociais municipais os que derivarán a un total de 15 mozos e mozas a estes obradoiros, nos que poderán compartir experiencias cos artistas invitados e, coincidindo co evento de peche, poderán participar nas obras, e observar as distintas técnicas e enfoques de cada artista. Deste xeito, Lugo únese a tendencia doutras cidades que modernizan o



Presentación do Urban Cores

aspecto visual do seu paisaxe urbano ao integrar coloridos graffiti, e neste caso tamén cun compoñente máis social. A presentación deste proxecto desenvolveuse na Casa da Xuventude, coa realización da primeira obra nas mesmas instalacións.

O primeiro Urban Cores terá lugar entre xuño e xullo, e nel contarase cunha representación das e dos artistas máis puxantes de Lugo e Galicia. Concretamente, nesta primeira edición participarán os lucenses Diego AS, campión de España de Graffiti, e Concepto Circo, que surxe

en 2007 como a unión de varios artistas provintes do mundo do graffiti que deciden sumar experiencias para potenciar as súas capacidades. Como artista invitado, este evento contará con Dadospuncocero (Da2.0), un dos graffiteiros de León que máis tempo leva no muralismo, e facendo da súa afección unha profesión. Intervirán na Casa da Xuventude, nas Casas Sindicais, na Avenida Infanta Elena e na rúa do Esquecemento, ubicación que acollerá o peche final, no que estarán presentes Noemí Núñez, Natalia Pia, Coitelo, Mosca e Nesui.

Agrocuir da Ulloa arrinca o proxecto sobre a memoria LGTBIQA+

A Rede Museística Provincial e o Colectivo Agrocuir da Ulloa colaboran na posta en marcha dun proxecto de recuperación da memoria das persoas LGTBIQA+. Baixo o epígrafe Facémonos escoitar?, o proxecto busca recoller testemuños orais para “construír a memoria LGTBIQA+” en distintas comarcas. A convocatoria está aberta a persoas, colectivos e institucións, que poidan achegar experiencias propias ou de acompañamento da loita polos dereitos e liberdades no que ten que ver coa diversidade sexual e de xénero. “Non buscamos unicamente persoas LGTBIQA+, senón a calquera persoa que considere que ten algunha historia significativa que contar para a historia LGTBIQA+ da provincia de Lugo, ben sexa a través da súa propia vida, ben sexa como aliadas do colectivo LGTBIQA+. As persoas interesadas en achegar os seus testemuños deben dirixirse ao Colectivo Agrocuir da Ulloa,

a través das súas redes sociais ou do enderezo electrónico agrocuir-daulloa@gmail.com. O obxectivo da recollida é crear diferentes materiais para visibilizar a diversidade sexual e de xénero na que convivimos co horizonte posto no 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo.

OBXECTIVOS. Así, crearase un arquivo sonoro en formato de mapa interactivo no que se volcarán, xeolocalizados, os audios da comunidade que se vaian recibindo. Tamén se deseñará unha exposición itinerante que se poderá visitar nos diferentes museos que conforman a Rede Museística Provincial e na que as protagonistas serán as persoas que contribúen, a través das súas propias vidas, a aportar diversidade e riqueza á historia colectiva das súas comunidades. Ademais, definirase un roteiro por Lugo, que una os lugares que son escenario da memoria LGTBIQA+ da cidade.

Este verán haberá paseos guiados polo centro



Haberá rutas culturais e paseos guiados

A nova programación cultural prevista para este verán contará con 63 paseos guiados pola cidade, tanto para visitantes como para as veciñas e veciños de Lugo.

Entre o 11 de xuño e o 12 de setembro, a área de Cultura organiza visitas guiadas todos os venres, sábados e domingos ás 12 horas. Serán visitas guiadas polo casco histórico, onde se explicará o patrimonio artístico e cultural do centro da cidade, e que partirán desde a oficina de Turismo, situada na praza do Campo.

Ademais, tamén se farán rutas para desfrutar da arte nas rúas, visitando as intervencións artísticas, entre as que se atopan os murais realizados durante o Culturban, elementos escultóricos e as palabras do ano entre outras mostras artísticas das rúas. Estas novas visitas organizaranse a pé e en bicicleta.

As rutas artísticas terán lugar entre o 25 de xuño e o 17 de setembro, durante 10 venres, 7 mércores e catro sábados. Para as visitas en bicicleta, será preciso que cada persoa leve a súa.

Presentados 1.474 films para a Semana de Cine de Lugo



Rematado o prazo para a presentación de películas que aspiran a participar na próxima Semana de Cine de Lugo, o Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá informa ter recibido un total de 1.474 filmes entre longametraxes e curtametraxes, entre os que se seleccionarán os que van ser proxectados entre os días 20 e 26 do próximo mes de setembro na XLIII edición da Semana de Cine Lucense.

Destas 1.474 producións, 1.286 recibíronse a través da plataforma Fest Home, 142 por Click For Festival e 46 de xeito directo: 34 a través dos Directores ou Produtores e 12 remitidas polos seus

distribuidores. 923 producións son españolas, 42 proceden do Brasil, 39 de Francia, 38 da Arxentina, 36 de Chile, 19 de México e 11 de U.S.A.

Compre destacar que 29 producións corresponden a cine galego, o que permitirá unha presenza notable deste cine nesta XLIII Semana que organiza Fonmiñá.

Entregaranse cinco premios, por un valor total de 6.500 euros. Haberá premios para a mellor película na Sección Oficial (premio do público), para a mellor película de nacionalidades, a mellor película documental, a mellor película galega e a mellor curtametraxe.

Comezaron as Rutas Connexio as fins de semana de verán

Deron comezo as Rutas Connexio, unha actividade gratuíta que terá lugar tódolos sábados, domingos e festivos nos meses de xuño, xullo e agosto, iniciativa incluída no programa Europe Direct da Comisión Europea, que ten como obxectivo dar a coñecer o Camiño Primitivo.

O inicio da I Ruta Connexio será en San Martiño de Poutomillos para descubrir o medio natural que acolle o Camiño Primitivo, as súas xentes e as manifestacións artísticas, continuando por San Miguel de Bacurín e a intervención Cumio de Álvaro Negro, seguidamente dará a coñecer a obra de Juan López Ruído de Fondo en San Vicente do Burgo, e finalizará en San Xoán do Alto con 28,7 km de Estelle Jullian.

A II Ruta terá o punto de partida na capela do Carme, onde os asistentes poderán admirar a obra de Carlos Rodríguez-Méndez quen sorprendeu co proxecto Do fillo, a respiración e finalizará con O fulgor na espesura de Jesús Otero en Santa María de Gondar.

As rutas programadas terán en conta e respectarán as normas covid en vigor, especialmente no referente a aforos e número de persoas e uso obrigatorio de máscara durante toda a actividade.

EN BREVE

XAQUEDRUM. Do 28 de xuño ao 30 de xullo, levaranse a cabo en Lugo campamentos semanais de verán de xadrez. Xaquedrum, que será o organizador destas xornadas, anima a todos os nenos e nenas de entre 8 a 15 anos a participar. O horario será de nove da mañá a dúas da tarde, sen embargo, hai a opción estar dende as oito ata as tres da tarde. O lugar escollido para celebrar a actividade é o Ceip Illa Verde e o prezo será de 55 euros a semana. A inscrición pode facerse no teléfono 657 974 937 ou no correo xaquedrum@gmail.com.

CAMPAMENTO. O Círculo das Artes organiza un campamento de verán que comezará o luns 28 de xuño. Os horarios son de 10:00 a 14:00 horas, con opción a madrugadores dende as 9:00 horas. Está dirixido a nenos e nenas de entre 4 e 12 anos e as prazas son limitadas. As fechas nas que se realizará serán do 28 de xuño ao 30 de xullo e do 30 de agosto ao 10 de setembro. O prezo é de 45 euros por semana. Haberá obradoiros de expresión plástica, cociña e ciencia, búsquedas do tesouro, orientación, multideporte Gyncanas, xogos populares e manualidades, entre outras. Para máis información pódese contactar en circulodelasartes@yahoo.es ou no 982 225 051.

O proxecto Tecer formará novos artesáns

A Deputación de Lugo promove a través do Centro de Artesanía e Deseño (Centrad) o proxecto Tecer para integrar, que pretende xenerar oportunidades para a integración laboral, social e cultural arredor da confección e da moda sostíbel.

O programa incluírá diferentes actividades orientadas á formación de novos artesáns e artesáns de forma que, ao remate do programa, as persoas participantes poderán adquirir a carta de artesán ou artesá, abrindo as portas para a creación de novos proxectos vitais e profesionais no eido da artesanía.

O Centrad facilitará os materiais, ferramentas e utillaxe precisos para desenvolver as actividades e coordinará o programa formativo, no que participarán recoñecidas artesáns e artesáns do tecido e profesionais da moda sostíbel.

FADAS Lugo encargárase de seleccionar as persoas participantes, ata un máximo de doce, atendendo á súa situación social. Tamén realizará un traballo de seguimento e acompañamento para garantir o aproveitamento programa tanto a

nivel de formación no oficio como de inclusión nos ámbitos educativos, sociais e culturais.

DÚAS FASES. O programa, que se poñerá en marcha en agosto no CEI Nodus, desenvolverase en dúas fases. Na primeira delas, centrarase na formación de iniciación en técnicas de patronaxe e confección e ofrecerá unha panorámica sobre os diferentes tipos de artesanía vinculada á confección como a decoración, os complementos ou a estampación.

Na segunda fase, en función dos resultados obtidos na anterior, abordarase a formación en técnicas de patronaxe e confección máis avanzadas e o deseño e confección dun conxunto de prendas e complementos coa colaboración de deseñadores e deseñadoras representativos da moda sostíbel.

Ao longo das dúas fases, trataranse de forma transversal contidos relacionados coas estratexias de promoción e comercialización dos produtos artesáns, especialmente no eido da moda e dos complementos.

O certame Cidadáns Europeos abre o prazo de participación

O centro de información Europe Direct convoca o VIII concurso de fotografía Cidadáns Europeos en Galicia: Miradas cara o futuro de Europa, co obxectivo de que os participantes presenten obras que simbolizen a Europa do futuro.

O concurso de fotografía está aberto a toda a cidadanía residente en Galicia maior de idade, do 31 de maio ao 23 de xuño de 2021. O lema do concurso desta edición é Miradas cara ao futuro de Europa. Deste xeito, as obras poden versar sobre algunha das seguintes temáticas: cambio climático, economía

circular, biodiversidade, contaminación O, saúde, vida saudable. Toda obra debe incluír un signo representativo da Unión Europea e debe estar incluído o hashtag #CidadanEuropeosEnGalicia.

Cada participante poderá presentar unha ou varias fotografías ou unha ou varias montaxes de fotografías, que serán orixinais, únicas e inéditas. As fotografías deberán enviarse ao correo electrónico ciudadanseuropeosengalicia2021@gmail.com n dende onde serán subidas de maneira automática á páxina de Facebook do concurso.



Centros educativos de Lugo reciben o libro 'As visitas de Escler a mamá', de Alucem



Os centros educativos de Lugo recibirán o libro *As visitas de Escler a mamá*, un conto infantil escrito e ilustrado por mulleres con esclerose múltiple dentro do proxecto literario Emcreativo, escola de escritores, da Asociación Lucense de Esclerosis Múltiple (Alucem).

Representantes da entidade entregaron na Delegación Territorial da Xunta en Lugo os 200 exemplares adquiridos, nun acto no que participaron o editor e traballador social da entidade, Alejandro Robledillo; María Varela, unha das autoras; a ilustradora, Estefanía Fernández, e a presidenta de Alucem, Rachel Yamin Feliciano, entre outros. O libro achega aos nenos e nenas á realidade desta enfermidade a través da historia de Juan, que imaxina a doenza como unha pequena diaña que insistentemente visita á súa nai, polo que idea mil formas de impedir esas visitas.

A temática principal é o cambio de vida que supón para un menor que se diagnostique unha enfermidade discapacitante a alguén da súa

contorna que asume funcións de coidador, se ben, segundo indican os autores, “pode enfocarse dende a universalidade”, unha metáfora sobre como unha situación sobrevida pode impedir ás persoas que exercen funcións parentais acompañar aos menores nas súas rutinas e como asumir esa frustración. O conto pode adquirirse na páxina web de Alejandro Robledillo, en galego ou castelán, e os beneficios dónanse a Alucem e a outras entidades de esclerosis múltiple que poden seleccionarse no momento de realizar a compra.

Durante os tres anos de vida do proxecto Emcreativo, os alumnos e alumnas lograron 76 galardóns literarios tanto a nivel nacional como internacional. O proxecto en si mesmo gañou o premio Veleo da farmacéutica SanofiRes, o cal o posiciona como un dos mellores proxectos a nivel nacional sobre a enfermidade. Do seu seo naceron un total de tres novelas –Boticaria de pobo, A marcha de Anxo, Madrid 2043– e este conto infantil.

A biblioteca pública continúa coas actividades este mes

A biblioteca pública en Lugo ofrece en xuño diversas mostras bibliográficas, especialmente orientadas ao tempo de lecer, así como dúas sesións de contacontos. Ademais, neste mes dará a coñecer os gañadores do XXVII Certame de Narración e Debuxo Letras Galegas, no que participan distintos concellos da provincia que dispoñen de bibliotecas municipais.

Haberá distintas mostras bibliográficas para a cativada. Na segunda quincena, de cara ás vacacións de verán, exporase *Eu viaxo, ti viaxas, nós viaxamos*, cunha compilación de guías de viaxe específicas para nenos e nenas. A celebración do Arde Lucus neste mes na cidade luguesa tamén terá o seu espa-



Interior da biblioteca provincial de Lugo

zo, con publicacións sobre Roma e a vida dos seus habitantes.

Pola súa banda, o público adulto disporá dunha mostra de volumes sobre o Camiño de Santiago, en-

marcada na celebración do Xacobeo 21-22, e doutra cunha selección de obras con consellos para manterse san e en forma, con máis enerxía e ánimo.

Enxeñeiros do Campus sacan unha nova liña de iogures



Os tres enxeñeiros agrónomos do proxecto

Tres enxeñeiros agrónomos e alumnos do máster en Enxeñaría Agronómica na Escola Politécnica Superior do Campus de Lugo da USC universalizan os sabores dos pastos de Galicia a través dunha nova gama de iogures que vén de sacar ao mercado a láctea galega Larsa e que replican sabores “únicos e orixinais” de flores silvestres que cada primavera enchen de color os prados, como o son o toxo, verbena, sabugueiro ou a violeta.

A comercialización da nova liña de iogures Flores de los Pastos, a través dos que Larsa busca transportar e facer partícipe á cidadanía das emocións que deparan as verdes paisaxes Galicia, implica tamén a materialización definitiva da innovadora e atrevida idea coa que Roberto López (A Coruña), Brais Pérez (O Pino) e Antón Polo (Chantada)

gañaron a segunda edición do certame Innovación en Alimentación Saludable Impulsando Galicia, un concurso promovido pola Corporación Peñasanta, a través da súa factoría Larsa, coa pretensión alimentar e facer visible o talento de estudantes e titulados universitarios de toda España, así como calquera outra idea innovadora.

A conquista deste certame de innovación alimentaria ao que este grupo de enxeñeiros agrónomos concorría por segunda vez logo de resultar finalistas na primeira edición é o resultado dun proceso que, desde un primeiro momento, naceu coa idea de conxugar nun produto alimenticio o concepto de innovación cos valores da marca de Galicia que nos transmitiron de sempre na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, comentan.

Abre o prazo para solicitar axudas de material escolar

A concellería de Educación e Difusión do Coñecemento vén de abrir o prazo de solicitude para as axudas para material escolar e libros de texto para familias con baixos recursos, que se entregan anualmente. O concelleiro de Educación, Felipe Rivas, explicou que “continuamos a traballar en mellorar os prazos, e para o curso 2021-22 agardamos poder comezar a entregar as primeiras semanas de clases”.

A concellería de educación destinará un total de 40.000 euros para facilitar a adquisición de material escolar, en vales de 100€ para un total de 400 persoas beneficiarias. O criterio único de baremación para a concesión da axuda é a renda per cápita anual da unidade familiar. As solicitudes poderán presentarse antes do 24 de xuño, mediante o rexistro telemático do Concello de Lugo de xeito preferente, mais tamén a través do rexistro presencial do Concello e de outras administracións.

“Desde a nosa chegada ao goberno traballamos para mellorar a entrega deste tipo de axudas, reducindo os tempos e tratando de mellorar a atención dada ás familias”, explicou Felipe Rivas, que engadiu “este ano, como novidade, reduciremos a cantidade de documentación que se terá que entregar coa solicitude”.

Empeza unha campaña sobre o consumo de alcol na mocidade

Comeza unha nova campaña de sensibilización sobre a venda e o consumo de alcol na mocidade enmarcada na programación do +Xti, co obxectivo de facer un chamamento á reflexión sobre a responsabilidade individual e colectiva que todos temos ante los problemas relacionados co consumo de alcol, incidindo no fácil acceso que teñen os menores para adquirir bebidas alcohólicas.

Mediante displays de publicidade en interior e exterior, aplicacións en redes sociais e vídeos para o seu uso pretendemos facer “unha chamada á acción ás familias, vendedores, e os propios novos para adoptar medidas que están ao alcance de todos, como evitar facer a vista gorda a esa realidade que non queremos ver:

cando por exemplo vemos a mozos comprando alcol” explicaba o edil ao tempo que incidiu que pretendemos contribuír a que os rapaces e rapazas reflexionen sobre o seu comportamento. “A campaña parte desa realidade que non queremos ver, dando visibilidade á historia que hai detrás de cada mozo. Para a mesma creáronse 3 personaxes ficticios que serán os protagonistas”, engade. Son tres historias que contan como conseguen alcol, a compra ilegal, con que frecuencia beben, hábitos de consumo, e os danos que produce na súa saúde (tanto física como psicolóxicamente). Historias contadas polos propios rapaces, con linguaxe coloquial adaptada aos mozos para que se sentan identificados.

“Queremos enviar máis bicicletas a Guinea pero tamén axudar en Galicia”

José Luis Pereira recolle e repara bicicletas para enviar a África en contedores

José Luis Pereira é a alma mater do proxecto ‘Reciclyng Bicicletas Solidarias’, que desde fai dous anos se dedica a recoller e reparar bicicletas por toda Galicia para darlles unha segunda vida. Este garda civil de Tráfico, que presta servizo na Comandancia de Lugo, conseguía fai só uns días “pechar o círculo”: 175 desas bicicletas chegaban a Guinea Bisáu, onde son recibidas como un verdadeiro tesouro. Coa satisfacción das imaxes que lle remiten desde o continente africano, segue a recoller bicicletas dunha punta a outra da comunidade. O obxectivo, facer un novo envío a Guinea en 2022 pero tamén axudar a xente con poucos recursos en Galicia.

Como empezou con este proxecto?

Realmente empezamos a miña muller, o meu fillo e mais eu. Empezamos basicamente porque tiñamos moitas bicicletas do neno que non se estaban a usar, unhas porque lle foron quedando pequenas e outras porque as foi deixando, e dábanos pena levalas ao punto limpo así que pensamos en buscalles unha saída á vez que podíamos axudar a alguén. Coincidiu que ao pouco tempo, a través dunha coñecida, contactei con unha persoa que está con unha ONG en Guinea Bisáu e preguntille que lle parecería enviar alí as bicicletas. Díxome que alí non son un xoguete senón un medio

de transporte. Esta ONG envía todos os anos un contenedor con diverso material para ese país e decidimos aproveitar para enviar as bicicletas.

E como conseguiron reunir as bicicletas?

A raíz de decidirnos a envialas a Guinea, puxémolo nos grupos de whatsapp que tiñamos, por se alguén tiña algunha que non estaba utilizando. Tamén creei unha páxina de facebook, básica de todo, para dar a coñecer a idea. A nosa intención era xuntar unhas 25 bicicletas, pero ao día seguinte xa as tiñamos. Fóisenos totalmente das mans.

Mandamos sobre 175 biciclestas, todas as que colleron no contedor, con varios palés de pintura, sillas e mesas

Esperaban esa resposta?

Para nada esperabamos isto. A verdade é que co paso do tempo as entregas foron aumentando moito. Un señor de Barreiros que ten unha chatarrería deunos un camión de bicicletas, o GES da Ulloa tamén colabora con nós habitualmente, o cura de Meira igual... Empezamos a

ter como pequenos colaboradores en moitos concellos e iso axudou a superar todas as expectativas.

E como organizan as recollidas?

Da recollida das bicicletas encárgome eu persoalmente, teño que ir organizando para facela por zonas, e sen que sexa demasiada cantidade tampouco, porque as recollo no meu coche. Somos unha familia normal e non podemos pensar en mercar unha furgoneta para isto. Onde tivemos que pedir axuda foi para o almacenamento. En principio deixábaas na ‘palleira’ da miña nai, pero cando xa xuntamos máis de 50 era inviable. Agora temos un local enorme que nos deixaron e aí xuntamos máis de 400.

Ademais desas colaboracións, contades con algún apoio económico?

Non, é todo por libre. Simplemente tivemos que pedir axuda para o tema do local, porque nos vimos desbordados. Tampouco fixemos unha asociación como tal ata fai un par de meses, por exemplo. Houbo ocasións nas que algunha persoa quería facer algunha achega, para colaborar, pero nunca a aceptamos. Agora apostamos polo crowdfunding, porque é certo que se queríamos seguir adiante algo había que facer.

Teñen entón idea de continuar co proxecto, cales son os obxectivos?



Como tiñamos máis de 400 bicicletas, e vimos que todas non collían no contenedor que iamos enviar a África, empezamos a contactar con distintos Concellos por se tiñan coñecemento de algunha familia en situación desfavorecida. Démoslle, por exemplo, unha a un rapaz de Portomarín que ía sempre andando ata a granxa na que traballaba, a 6 ou 7 quilómetros, e está feliz coa bicicleta. Agora queremos seguir enviando a Guinea, agardamos facer outro envío xa o ano que vén, pero gústanos moito poder axudar tamén por aquí. Son tempos complicados e hai moita xente que o está pasando mal, por iso contactamos cos concellos porque eles saben mellor quen poden necesitala de verdade.

O primeiro envío chegou fai uns días a Guinea, cantas bicicletas enviaron e como foron recibidas alí?

Si, chegou fai moi pouco, aínda me seguen enviando fotografías de novas entregas. Enviamos sobre 175 bicicletas, todas as que colleron no contedor, realmente. Ían tamén varios palés de pintura, sillas e mesas

das tradicionais das escolas, material médico... Era un contenedor de 40 toneladas, e ía todo encaixado como un puzzle. Agora están repartindo as bicicletas entre xente que as necesita. Hai que ter en conta que, como dicía, alí unha bicicleta non é un xoguete. Mercar unha bicicleta en Guinea pode supoñerlles dous meses de traballo e, por riba, teñen que ir buscalas a Senegal porque no país non se comercializan.

E que sensacións lle producen os vídeos das entregas?

Moita satisfacción, realmente necesitaba ver eses vídeos. Levabamos como dous anos facendo algo, con moitas gañas, coas dificultades da covid etc e recoñezo que precisaba pechar o círculo, por dicilo dalgún xeito. No fondo sempre tiñas esa dúbida de se de verdade as bicicletas ían chegar alí ou non. Ver isto é o que agora dá gañas de seguir. Ademais o meu fillo, que agora ten 13 anos, está moi implicado e eso tamén anima. Ao final isto é un proxecto solidario que tamén ten unha carga educativa.

A Confederación resolve o expediente sancionador do aparcadoiro do Fluvial

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, resolveu o expediente sancionador contra a execución do aparcadoiro do Club Fluvial sen a correspondente autorización administrativa invadindo as zonas de Dominio Público Hidráulico (DPH) e servidume.

A directiva do Club Fluvial solicitara en 2016 autorización para a execución dun aparcadoiro cunhas dimensións e características concretas, sendo autorizada polo Organismo e establecendo o prazo de execución dos traballos ata o 21 de marzo de 2018. Esta sociedade realizou as obras



Aparcadoiro do Club Fluvial

coa autorización caducada e cunhas características distintas ao proxecto orixe, invadindo as zonas de DPH e servidume, o que de ningún xeito podería ser autorizable.

“É importante lembrar que a directiva do Club Fluvial non ten patente de curso ao incumprimento da lei” concluíu o presidente da CHMS.

David Fiuza será o novo director da Banda

A Xunta de Goberno aprobou o nomeamento do novo director da Banda de Música de Lugo, David Fiuza Souto, tras o proceso selectivo que activou e desenvolveu a área de Gobernanza.

Segundo sostén a concelleira responsable, Paula Alvarellos, “con esta aprobación finalizamos un proceso que puxemos en marcha co fin de permitir consolidar tanto a Banda Municipal como a Escola de Música, que era un dos obxectivos da área de persoal que fixamos coa alcaldesa, compromiso que adquiriu cos traballadores e coa veciñanza lucense”.

Tamén neste impulso que se lle está a dar á banda, incide Alvarellos, se acaba de publicar o listado provisional das bolsas de emprego para varios postos de músicos para a banda, que se poden consultar na web do



David Fiuza

Concello. As bolsas son das seguintes categorías profesionais: músico na especialidade de bombardino tuba, flauta, fagot, gaita, percusión, saxofón, trompa e trompeta. As persoas interesadas teñen dez días para subsanar ou formular alegacións sobre os datos contidos nas mesmas.

infraestruturas

Colocan un paso de peóns intelixente na Rolda do Carmen



A alcaldesa cruzando polo novo paso de peóns

Xa foi acendido o primeiro paso de peóns intelixente lumínico de Lugo, instalado na Rolda do Carme. O mesmo mellora a seguridade dos peóns e dos ciclistas, xa que por esta vía se está a executar o carril bici, así como dos peregrinos, porque une os tramos do Camiño Primitivo que atravesa esta avenida e que cortaba a medianera.

O sistema elixido advirte aos condutores do paso de peóns con placas de luz brancas LED implantadas no asfalto, que se acenden só cando cruzan as persoas. Actívase de noite ou cando hai pouca luz diúrna, para evitar a contaminación lumínica permanente. Ademais, avisa aos ciclistas do paso de peóns, neste caso día e noite de maneira

constante, con bandas de luz vermellas implantadas no mesmo carril bici. Tamén se accionan as sinais verticais luminosas, que complementan ás sinais que están a ras de chan.

A obra está incluída no proxecto de mellora, humanización e sinalización do Camiño Primitivo e da Vía Romana XIX ao seu paso polo barrio do Carme, intervención na que se invisten 280.000 euros. O proxecto enmárcase na estratexia do executivo de Lara Méndez, DUSI Muramiñae, cofinanciada cos fondos europeos, cuxa finalidade é integrar o Miño na cidade a través do Carme e facer así unha cidade máis verde, máis sostible e máis integradora.

Avánzase no proxecto da nova rotonda ao final de Alfonso X

O Concello de Lugo puxo xa a disposición do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana os terreos municipais sobre os que se erguerá a nova rotonda de Alfonso X. Unha infraestrutura demandada pola cidadanía lucense, que permitirá mellorar a situación do tráfico nunha das principais arterias de comunicación da capital.

Posteriormente á firma das actas de cesión de terreos, levouse a cabo unha presentación do proxecto por parte dos técnicos de Mitma. A nova glorieta na estrada N-6 e a rúa Alfonso X substituirá á actual intersección en T, o que supón unha solución máis propia dado o carácter periurbano da actual N-6.

Así pois, tamén explicaron que o orzamento da adxudicación ascende a medio millón de euros e, como características técnicas máis destacadas, informaron que a glorieta, para a que se adecuarán 2.929 m³ de chan, terá un diámetro de 50 metros e os carrís que a integran disporán dunha anchura de 4 m, mentres que a dos viais de acceso será de 3'5 m. Para acometer os traballos será preciso escavar, en total, 5.896 m³ de terra e empregaranse outros tantos de saburra artificial, alén de 469 m²



de terra vexetal e 660 m³ de semente de pradeira.

“O acordo —dixo Lara Méndez— obedece ao entendemento, en prol do interese xeral, de tres administracións distintas que camiñan da man, na mesma dirección, para acadar logros que revertan en beneficio de toda a cidadanía porque son precisamente obras como estas, pequenas pero moi importantes, coas que se acada a cohesión dos territorios e se lles posibilita o seu crecemento”.

Durante a súa intervención, Lara Méndez sinalou a importancia de contar en Lugo con esta nova dotación, “que implicará un antes e un despois na mobilidade urbana xa

que a rotonda, axudará a desconxectar a circulación nunha zona de gran afluencia de vehículos na que conviven instalacións deportivas con outras educativas, mellorando a seguridade viaria”, referiu ao tempo que avanzou que a ubicación desta glorieta de conexión se manterá, segundo estaba previsto, na intersección entre Alfonso X e a Nacional V para facilitar a incorporación do tránsito que circule por esta vía cara Aceña de Olga.

Méndez recordou a complexidade do proceso xa que, durante a tramitación do mesmo, foi necesario realizar varias correccións que dilataron a súa finalización.

Comeza a colocación do novo mobiliario de Quiroga Ballesteros

O tenente de alcalde, Rubén Arrox, visitou a rúa Quiroga Ballesteros, onde se está xa a colocar o novo mobiliario urbano, unha vez finalizados os traballos de pavimentación. Arrox afirmou que “desde o Goberno de Lugo melloramos unha zona histórica do centro, gañando todas as veciñas e veciños un importante espazo peonil”. Segundo Arrox, “estamos a falar dunha das zonas máis importantes da cidade, onde se localizan instalacións históricas como a Praza de Abastos e o Mercado Municipal”.

Rubén Arrox agradeceu “a colaboración da veciñanza e das comerciantes da zona polas molestias que ocasionan este tipo de actuacións, especialmente nas primeiras fases”, e destacou tamén “a disposición da empresa e das traballadoras e traballadores para levar adiante este proxecto co mellor ritmo posíbel, tratando de reducir ao máximo as molestias ocasionadas”.

Os traballos realizados na rúa incluí-



Un intre do momento no que se empezou a colocar o mobiliario

ron a renovación do saneamento, as instalacións eléctricas e o alumado público, ademais da renovación de rexistros, xunto co o mobiliario urbano para a nova rúa peonil que se está a instalar actualmente.

Arrox lembrou que “o proxecto amplíouse para mellorar tamén a

estética da parte baixa de Santo Domingo”. Nesta rúa, actuouse no treito de dobre curva que se atopa pegado á saída do aparcadoiro soterrado, gañando uns 120 metros cadrados de espazo humanizado, sen supoñer un custo a maiores no prezo final da actuación.

A AECC conta con novas instalacións en Lugo



Acto de inauguración do novo local

A Asociación Española Contra o Cancro inaugurou as novas instalacións nun local cedido polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

O local, situado no Carril dos Loureiros, número 17, ten unha superficie de 477,56 metros cadrados, distribuídos en plantas baixa e primeira. Nel tivo a súa sede a Dirección provincial do Instituto Social da Mariña ata que se trasladou, en novembro de 2012, a un

inmable novo situado na rúa Músico Xosé Castiñeiras.

A Seguridade Social cedeu o uso destas dependencias á AECC a finais de 2018 mediante un acordo de colaboración no que se establece que a Tesourería Xeral da Seguridade Social facilita o uso do local á xunta provincial de Lugo da AECC que, á súa vez, faise responsable do acondicionamento, instalación, conservación, mantemento e demais gastos e impostos.

Carta de Rubén Arroxo á cidadanía



IMPORTANTES NOVIDADES SOBRE A MODERNIZACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO EN LUGO

Alédame podervos anunciar que a partir do vindeiro día 1 de xuño teremos un novo modelo de liñas de bus urbano funcionando. Un deseño no que, dende o Concello de Lugo, escoitamos centos de peticións e propostas feitas pola veciñanza de Lugo e tamén polos diferentes grupos políticos, nas que tivemos en conta todas as que foron posibles.

Este novo modelo de bus é fundamental para poder dar o paso e mudar progresivamente o vehículo privado polo transporte público. Este reto colectivo permitiranos formar parte, entre todas e todos, da transformación de Lugo nunha cidade máis sostible, con menos tráfico, máis peonil, con menos ruído, e cun aire máis limpo.

Algunhas novidades destacables son as seguintes:

O eixo norte-sur, avenida de Madrid, Ramón Ferreiro, Ronda da Muralla e avenida da Coruña, que cubre o entorno con máis poboación da cidade, terá buses cruzando dun lado ao outro **cada aproximadamente 12min**, o que permitirá a toda esta franxa un uso moi cómodo tanto para ir ao centro como para ir ao outro lado da cidade. Imaxinémonos que queremos ir ao centro dende ese eixo. Bastará con saír a unha parada sabendo que en moi poucos minutos teremos un bus.

Incrementáanse as conexións co HULA. Unha das maiores demandas que recibimos entre as propostas foi a de mellorar a comunicación co Hospital. Con estas liñas, zonas que non tiñan conexión directa co Hospital pasarán a tela.



Varios dos barrios que ata o de agora tiñan conexións cada hora pasarán a tela cada 30min, facilitando así o uso do transporte público e evitando ter que agardar demasiado tempo para o paso do seguinte bus.

A tecnoloxía facilitará o uso do bus. Será posible ver o tempo que falta para a chegada do bus nos paneis dixitais que dispoñerán as paradas máis frecuentadas, e estarán dispoñibles tamén a través dos dispositivos móbiles.

A transformación do transporte público é un avance importante para a mobilidade de Lugo. Estamos a modernizar totalmente este servizo, dando máis facilidades para o seu uso á maioría da poboación.

Quero animarte a que probes o transporte público, sendo ademais o de Lugo un dos máis baratos do estado.

Solicita xa a túa tarxeta cidadá no edificio administrativo do concello e comeza a ser parte do Lugo do futuro, unha cidade máis ecolóxica e máis amable.

Recibe un afectuoso saúdo,

Rubén Arroxo Fernández
Área de Mobilidade e Infraestruturas
Tenencia de Alcaldía
Concello de Lugo

O bus urbano reinvéntase

Lugo adáptase ao cambio de liñas e de horarios, así como á incorporación da información en tempo real e ao uso da tarxeta cidadá

O día 1 de xuño entraron en funcionamento as novas liñas de transporte público ao mesmo tempo que se puxo en marcha a reordenación do tráfico na zona centro.

O novo proxecto de liñas de bus urbano está composto por seis grandes liñas que conectarán as zonas norte e sur de Lugo, e dúas máis que conectarán o leste co oeste da cidade. No eixo Norte-Sur da cidade, que inclúe a Avenida da Coruña, a Ronda da Muralla, a avenida Ramón Ferreiro e a Avenida de Madrid, onde se atopa a maior parte da poboación, terán un bus cunha frecuencia de 10 minutos.

Os distintos barrios melloran as frecuencias de conexión co centro da cidade, pasando da hora entre cada volta que hai actualmente a 30 minutos cando entren en funcionamento as novas liñas.

Coas novas liñas, o HULA gañará conexións con Fontiñas, a zona sur da cidade e a avenida das Américas, que co modelo actual non teñen transporte directo. As novas liñas permitirán conectar de xeito directo o hospital coas zonas de Fingoi,

mo tempo, a zona rural manterá o servizo contando con catro liñas de transporte público.

TARXETA CIDADÁ

Rubén Arroxo anunciou a compra por parte do concello de novas tarxetas cidadás e explicou que “coa entrada das novas liñas é o momento de que a veciñanza de Lugo se anime a obter a tarxeta, que ademais de reducir o custo de cada viaxe permite tamén axilizar a entrada no bus”.

Pagando con tarxeta cidadá, o prezo do billete ordinario pasa de 0.64€ a 0.45€, no caso de non ter dereito a bonificacións, ou a só 0.31€ no caso de persoas pensionistas, desempregadas, estudantes ou persoas con mobilidade reducida. O prezo do transbordo tamén é inferior, pasando a valer 0.19€ sen bonificacións ou só 0.10€ no caso do transporte bonificado, o que permite aforrar ata un 50% no prezo do transporte público.

Para obter a tarxeta cidadá, deberá cubrirse o formulario que se pode

abrirá unha páxina coa información en tempo real da parada. O tenente de alcalde destacou que “todas as persoas que queiran usar o bus urbano poderán saber canto tempo falta para que chegue a seguinte liña desde calquera parada da cidade”.

O sistema de seguimento en tempo

real entrou en funcionamento xunto coas novas liñas, o día 1. Tanto as novas pantallas informativas, que dan información en tempo real, como o sistema de infobus virtual están xa a informar sobre o paso dos vindeiros buses, e co paso dos días mellorarase a precisión da información ofrecida.

DISTINTOS BARRIOS

Arroxo explicou que “o novo modelo de transporte urbano conta tamén con buses adaptados á realidade de cada barrio, por exemplo, no barrio da Ponte, o uso dun bus de menor tamaño permite mellorar a manio-brabilidade na zona, aumentando a



Rubén Arroxo, o día da estrea das novas liñas

Magoi, Sagrado Corazón, as Gándaras, avenida das Américas, Fontiñas, Fonte dos Ranchos, a Abella e Garabolos, mellorando tamén as frecuencias coa zona centro. “Contamos con 6 liñas que partirán de distintas zonas da cidade e rematarán no HULA, permitindo que a maior parte da veciñanza teña transporte directo ao hospital”, segundo explicou Rubén Arroxo.

Nos polígonos do Ceao e das Gándaras mellorarase tamén as conexións, quedando ambas áreas industriais co barrio de Fontiñas e o sur da cidade, cun total de seis liñas que entre os seus percorridos inclúen a unha das zonas industriais e dúas que pasan por ambas, unindo as áreas industriais de xeito directo con zonas como Fingoi, o Campus Universitario, Fontiñas, Magoi, avenida das Américas e coa zona centro, pasando moitas destas liñas pola Ronda da Muralla. Ao mes-

atopar na web do Concello, ou recollelo nas oficinas municipais do seminario, e pagar a taxa de 3,09€ nunha oficina de Abanca. Despois, deberá pedirse cita no 010 para retirar a tarxeta nas oficinas do Concello. A recarga do moedeiro será, como mínimo de 5€, cun máximo de 60€.

EN TEMPO REAL

Tamén anunciou que todas as paradas de bus contan con sistemas de información en tempo real. Rubén Arroxo explicou que “ademais das pantallas informativas instaladas en máis de 20 paradas, e das pantallas do interior dos buses, poderemos contar con información en tempo real en cada unha das paradas”. Para acceder a este sistema, débese escanear o código QR habilitado en cada un dos infobuses, que



cantidade de veciñas e veciños que teñen acceso ao bus urbano”.

O edil de Mobilidade explicou que “este modelo está a aplicarse tamén no resto de barrios, onde é necesario, o que nos permitiu co deseño das novas liñas mellorar as conexións e as rúas polas que pode pasar o bus urbano”. Arroxo lembrou que “este novo modelo de mobilidade fai que Lugo conte cun transporte público do século XXI”. O modelo de bus utilizado para esta liña é un Isuzu Novociti Life, que nunha lonxitude de 7.8 metros permite transportar a 21 persoas en asento

e 39 de pé. O bus cumpre coa normativa de emisións de substancias contaminantes Euro VI, e conta cos últimos avances en seguridade.

Os primeiros día de funcionamento das novas liñas de transporte público mostraron o aumento no número de usuarios do bus urbano. A comparación entre o martes 25 de maio e o martes 1 de xuño mostra unha subida de máis de 1300 usuarios, pasando de 6335 o martes 25 a 7661 o pasado martes día 1. Os cambios de tráfico aplicados na contorna da Mosqueira permitiron crear preto dun cento de prazas de

estacionamento a poucos minutos do centro.

Rubén Arroxo lembrou que “todas as paradas contan cun infobus virtual que da información sobre o transporte público en tempo real”. Para acceder a este sistema, débese escanear o código QR habilitado en cada un dos infobuses, que abrirá unha páxina coa información en tempo real da parada. O Tenente de Alcalde destacou que “todas as persoas que queiran usar o bus urbano poderán saber canto tempo falta para que chegue a seguinte liña desde calquera parada da cidade”.



Os veciños de Montirón expresaron as súas queixas

As voces en contra

A PONTE. A Federación de AA.VV. trasladar as queixas dos veciños do barrio da ponte. Segundo explican, actualmente, as liñas que cobren o barrio son dúas, a 2 e a 7A. A primeira vai dende a Estrada Vella de Santiago, A Ponte, Volta da Viña, Rolda da Muralla, Avda. da Coruña, Illas Canarias e Camiño do Souto; a segunda cubre o traxecto do cemiterio ata As Gándaras.

Coa nova ordenación das novas liñas, só se dispoñería da liña 10 que sae do Hotel Santiago e vai ata a Avenida de Ramón Ferreiro baixando por Pintor Corredoira e volta ao barrio. “Esta nova ordenación supón para os veciños perder servizos como o centro médico das Illas Canarias, o mercadillo de Friga, o centro social de Friga, o Gustavo Freire, o cemiterio e o mercado da Praza de Abastos, entre outros. Tampouco se poderá desprazarse polo barrio en autobús e, por tanto, as persoas maiores non poderán ir á certos comercios do barrio”, sinalan dende a Federación Lucus Augusti.

MONTIRÓN. Un dos puntos que destacaron os veciños foi que “as persoas de idade avanzada ven claramente minguado o acceso ao servizo de transporte dende as rúas adxacentes á Praza das Illas ata puntos tan destacados como o propio centro da cidade, a Praza de Abastos, o Centro Comercial As Termas, os centros de saúde e, fundamentalmente, o HULA”. Así pois, engaden que para ir ao HULA teñen a opción de ir dende a Ronda das Fontiñas, sen embargo, unicamente en horas de entrada de traballadores.

A falta de operatividade foi tamén outro dos reclamos, “no que respecta ás paradas da Rolda da Muralla, onde a única que manteñen é a parada de Sindicatos, eliminando unha parada que tradicionalmente existira e obrigando a dar voltas innecesarias”.

Así mesmo, varios veciños lamentaron a supresión das paradas de Virxe da Esperanza e da propia Praza das Illas, trasladadas á rotonda de Rof Codina. Doutra banda, os veciños e veciñas denunciaron tamén “o feito de que os horarios dos autobuses


urbanos da mesma liña circulen en idéntico horario”.

Finalmente, e de modo unánime, expresaron as súas queixas ante a ausencia de sinalización das paradas de autobús urbano e tamén a ausencia de marquesiñas.

CARQUEIXO. Veciños do Carqueixo vironse afectados pola supresión de dúas paradas, unha de ida e outra de volta, de autobús urbano. Tanto os veciños coma a federación lamentan a situación, tomada de forma unilateral pola Concellería de Mobilidade do Concello de Lugo, xa que “obriga aos veciños a desprazarse unha distancia considerable e a poñer en risco a súa integridade física, xa que teñen que cruzar a rotonda de acceso ao HULA, que sofre un intenso volume de tráfico, cunha media de 1 coche cada 2-3 segundos, 2 carrís de circulación e ningún paso de peóns. Según a Federación, as paradas de autobús urbano que queren eliminar están situadas trala gasoliñeira do barrio do Carqueixo, lugar onde estiveron situadas tradicionalmente e de forma ininterrompida dende hai moitos anos. Na actualidade, toman o bus urbano nas paradas anteriormente mencionadas os veciños das parroquias de Barbaín, Bóveda e do barrio do Carqueixo.

ALBEIROS. Dende a Asociación de Veciños San Lorenzo de Albeiros móstrase preocupación polo feito de que o barrio non dispón de conexión directa por transporte urbano co HULA sendo, ademais, un dos poucos barrios da capital con esta carencia -mentres outros barrios contan con 2 liñas de autobús urbano ao complexo hospitalario da nosa cidade-.

Desde a Asociación de Veciños San Lorenzo de Albeiros sinalan que “non entendemos o abandono que os veciños estamos a sufrir por parte da mencionada Concellería de Mobilidade do Concello de Lugo, e solicitamos aos titulares da mesma que se reúnan con quen son usuarios -como pacientes- do HULA e non dispoñemos de ningunha alternativa de transporte urbano para desprazarnos ata alí”.



Lugo Monumental denuncia a escaseza de papeleiras no casco histórico



Imaxe da zona do casco vello

Dende a Asociación Lugo Monumental denuncian o feito de que cada vez haxa menos papeleiras no centro histórico “non se repoñen cando foron retiradas por danos ou por mal estado e isto fai que cada vez haxa menos elementos deste tipo no recinto amurallado” sinalan.

Así mesmo, recalcan que non é a primeira vez que chaman a atención sobre este asunto. No ano 2018 a Asociación Lugo Monumental presentou aos Orzamentos Participativos unha iniciativa para instalar papeleiras no centro histórico, dada a carencia detectada. Segundo a propia asociación, a administración respondeu que se adquiriron 172 unidades, cun custo de máis de 6.500 euros, e que se instalarían “antes de terminar o ano 2018”. Desde a asociación non tiveron constancia da instalación de ningunha desas 172 papeleiras.

Sobre o asunto da conservación da limpeza de vía pública, desde Lugo

Monumental apoiarían unha campaña de concienciación, e mesmo unha de disuasión mediante sancións a quen ensucien as rúas, pero cren necesario dotar antes ás rúas de suficientes papeleiras para facilitar aos viandantes cumprir a súa obriga cívica de non tirar obxectos ao chan, un comportamento sancionable segundo o artigo 297 da vixente ordenanza ambiental do Concello de Lugo.

“A cada unha das papeleiras existentes asignóuselle unha área de influencia de 40 metros de diagonal, o que permite ver que a distribución actual é insuficiente e ilóxica. Hai unha concentración enorme de papeleiras en zonas como a Praza de España (con unidades situadas a poucos metros unhas doutras) o que nos parece razoable pola gran afluencia de público, pero en cambio outras partes do centro histórico teñen unha carencia moi grande destes elementos tan necesarios” defenden dende a asociación.

Instalan novo alumeado no aparcadoiro da rúa Río Sil

O aparcadoiro municipal da rúa Río Sil, conta xa con novo alumeado público. “Trátase dunha solicitude da veciñanza da zona, necesaria para mellorar a seguridade nesta instalación municipal, que é moi utilizada polas veciñas e veciños da zona e por moita xente que escolle este lugar para deixar o coche e achegarse ao centro”, explicou Rubén Arroxo.

Instaláronse luminarias LED, que permiten cumprir cos requisitos de luminosidade para alumeado exterior cun baixo consumo eléctrico. Rubén Arroxo lembrou que “no último ano e medio realizamos un investimento de 2.450.000€ adicado á renovación do alumeado público da cidade, substituíndo elementos contaminantes utilizados nas instalacións antigas, como luminarias

de vapor de mercurio, por luminarias LED de baixo consumo enerxético”.

Alexandre Penas, como responsable da Área de Infraestruturas, lembrou as intervencións que se realizaron nos últimos meses no barrio, fundamentalmente e arranxo de rúas e beirarrúas “fixemos un investimento importante e seguiremos, na medida en que se poida, acometendo intervencións que nos solicitan dende a Asociación Barrio de Paradai”, explicou o edil. Penas lembrou que se fixeron 6 pasos de peóns elevados, deuse solución no cruce da rúa Río Sil coa rúa Conde; amañáronse varias beirarrúas e colocáronse barandas en 2 zonas do barrio, por petición da asociación veciñal.

Ecoloxistas en Acción celebra a paralización da obra das Saamasas

A organización Ecoloxistas en Acción alertara hai máis dun mes de que as obras se estaban realizando sen a preceptiva avaliación das súas repercusións ao río Miño e solicitara á Confederación Hidrográfica e ao Concello de Lugo que adoptaran as medidas oportunas para decretar a paralización inmediata das obras que se están a realizar mentres non dispoñan do Informe de Avaliación das repercusións sobre a Rede Natura e á Reserva da Biosfera.

Dende a organización denuncian que son unha obras innecesarias para unha cidade na que case 1 de cada 4 vivendas está valeira. As obras carecen dos pertinentes permisos de Patrimonio e do organismo de cunha cando ademais dentro da parcela hai zonas catalogadas como inundables e un par de regatos que foron desviados do seu cauce pola constructora segundo veciñanza da zona.

Ecoloxistas en Acción sinala que aín-



A zona das Saamasas

da que o proxecto da obra estivera aprobado non deberon iniciarse as obras sen cumprir co esixido na normativa ambiental. Esta urbanización, unha vez paralizada cautelarmente, só se debería continuar despois de que as autoridades competentes se aseguren de que non causará prexuízo á integridade do lugar e tras so-

meter o proxecto e a súa avaliación ambiental a información pública.

Por iso, a organización ecoloxistas solicita á Confederación Hidrográfica que faga unha avaliación exhaustiva das consecuencias medioambientais desta construción ás beiras do río Miño e ao Concello de Lugo que manteña a paralización cautelar.

Licitado o proxecto que continuará a Rolda Leste



A nova vía tería o seu final na Tolda

O contrato de actualización do proxecto para completar a Rolda Leste de Lugo licitouse no día de hoxe e destínanse 198.735 euros. Retómase esta actuación para poder completar o cinto de circunvalación previsto entre a N-VI e a N-640 no municipio da capital. O contrato inclúe a realización dun estudo inicial das necesidades de actualización, tanto normativas como de trazado. Estímase un prazo de execución de 20 meses para as distintas fases, incluído o período de información pública, presentación de alegacións, informes preceptivos doutras administracións e redacción final do proxecto construtivo.

O novo tramo terá unha lonxitude aproximada de 2,8 quilómetros, que discorrerán entre a estrada autonómica LU-530 -ata onde chega o treito xa executado- e a N-VI no entorno da conexión coa

Avenida de Madrid. Estímase que terá unha intensidade media diaria de 16.097 vehículos ao día.

Así pois, considérase unha infraestrutura necesaria “que restará tráfico das rúas da cidade, mellorará a mobilidade en xeral e especialmente a accesibilidade ao hospital Lucus Augusti”. Actualmente, pódese realizar o percorrido dende a N-VI ata o centro hospitalario ben polo casco urbano ou ben pola autovía A-6, pero ambos esixen un desprazamento maior.

A Rolda Leste ten un treito en servizo de 2,41 quilómetros, entre a N-640 e a LU-530, que no 2017 rexistrou unha intensidade de tráfico de entre 6.000 e 8.400 vehículos ao día.

As empresas interesadas en optar á redacción do proxecto teñen de prazo ata o día 21 de xuño para presentar as súas ofertas.

Cidadáns denuncia a falta de seguridade para peóns en varios puntos da cidade

A portavoz municipal, Olga Louzao, denunciou a falta de seguridade viaria que existe para os peóns no cruzamento entre a Rolda do Carme, República Arxentina e Volta da Viña. “Trátase dunha zona na que se acaba de levar a cabo unha reforma profunda do tráfico co consecuente repintado da sinalización horizontal. Sen embargo a falta de seguridade viaria continúa aí. Preocúpannos varios puntos, en especial a situación na unión entre a Volta da Viña e República Arxentina. Existe unha carencia total de accesibilidade, falta de visibilidade e literalmente o paso de peóns termina nun talud polo que é imposible que os peóns continúen o seu itinerario sen invadir a calzada xusto nun cruzamento de 180 grados para os vehículos”, sinalou.

“O mesmo sucede no encontro entre os pasos de peóns dos dous sentidos de República Arxentina, que rematan na mediana da vía sen que exista outra opción que invadir a calzada. Ademais é completamente imposible transitar por este punto cunha cadeira de rodas ou co carro dun bebé. O Goberno local non preveu ningún tipo de actuación para solucionar un problema obvio e clamoroso. A situación neste punto é lamentable, mentres tanto a alcaldesa mira para outro lado e dedícase a inaugurar en actos propagandísticos pasos de peóns intelixentes cando a menos de 200 metros existe esta gravísima situación”, dixo Louzao.

Licitadas as obras do claustro da catedral por 600.000 euros

Licitadas as obras de restauración do claustro da catedral de Santa María de Lugo, cun orzamento de 592.850 euros. O prazo de presentación de ofertas remata o 24 de xuño.

O proxecto inclúe traballos de conservación na práctica totalidade dos elementos construtivos do claustro. Así, vaise proceder á limpeza xeral das fábricas, eliminando sucidade ou biodepósitos; tamén se restituirán as perdas de volume con morteiro de reposición ou substituíndo algunha peza de cantería.

Abordaranse outras tarefas como a protección de cornixas e canles de pedra para a recollida de augas pluviais, a substitución da instalación eléctrica, e unha adecuación puntual para facilitar o acceso e mantemento da baixocuberta do claustro.

Ademais, valorarase a posibilidade de reabrir un antigo paso a través da fábrica románica, comunicando a nave da Epístola co claustro como se atopaba orixinalmente; e estudáranse e consolidáranse as pinturas murais no muro norte, intentando



dilucidar a súa relación coas trazas do actual Altar Maior.

Esta intervención é a primeira que se pon en marcha en Lugo ao abeiro do Plan Catedralis, no que traballa o Goberno galego para actuar nos templos catedralicios da Comunidade no período 2021-2027. A licitación coincide coa celebración do 90 aniversario da declaración da Catedral lucense como Monumento Histórico-Artístico Nacional.

As obras contarán cun prazo de execución de seis meses, polo que pre-

visiblemente estarán rematadas no 2022, para o segundo tramo deste Xacobeo bianual. Xa se realizaron as sondaxes arqueolóxicas na zona afectada, co fin de avaliar o seu sistema construtivo e potencialidade. Concretamente, realizáronse tres sondaxes que sacaron á luz restos arqueolóxicos de diferentes épocas históricas que van desde a época romana ata a actualidade. Os traballos permitiron documentar varios muros e unha necrópole de tumbas rectangulares e laxas de lousa.

Conclúe a remodelación do centro Uxío Novoneyra

Remataron as obras de reforma do segundo andar do centro Uxío Novoneyra, nas que o Concello investiu 69.000 euros.

Lara Méndez destacou que “a intervención redundará nunha optimización da atención social ás persoas e familias máis vulnerables, en tanto permitiu unificar nunhas instalacións idóneas a parte asistencial que se prestaba no centro, garantindo a privacidade dos usuarios e usuarias”.

“Acadamos así, por unha parte, actuar no aspecto físico, estético e práctico do inmovible, aproveitando moito máis o espazo útil do mesmo para adaptalo ás necesidades da veciñanza pero a reforma terá repercusión, fundamentalmente, na calidade dos servizos que se dispensan nel, logrando así unha mellora integral”, subliñou Lara Méndez.

Os traballos realizados posibilitaron a creación de novas zonas máis amplas, cómodas e acondi-

cionadas, tanto para a cidadanía como para o persoal municipal que tamén verá incrementada a súa seguridade grazas á compartimentación e segmentación de usos e áreas.

Pola súa banda, a concelleira Olga López relatou que, “a partir de agora o complexo disporá dunha sala de espera mellor dimensionada, na que xa se contempla o mantemento da distancia social, un aspecto que se respecta igualmente na sala de lectura que cambia de ubicación para ofrecer unha maior confortabilidade”.

Así mesmo, indicouse que as obras permitiron crear un habitatículo independente para os ordenanzas, unha sala de reunións para profesionais e un almacén multiusos, alén de dotar dunha maior versatilidade o espazo polivalente do Salón de Actos que agora se destinará á realización de actividades de animación tales, Aulas Abertas, etc...

Veciños da Abella denuncian a mala iluminación existente en varias rúas da zona



O tenente de alcalde reunido cos veciños da zona

Dende a Federación de Asociacións de Veciños Lucus Augusti da provincia de Lugo, despois de reunións con veciños da zona, denuncian o estado do sistema de iluminación vixente na rúa Escultor Asorey, na rúa Portugal e rúa río Lor, polo que piden que se substitúa por outro máis moderno, de maior potencia lumínica e de menor custo.

“Cabe sinalar, ademais, que no caso da rúa Escultor Asorey, a localización concreta das luminarias coincide, en algún caso, cunha árbore, polo que deixa ao resto da vía en penumbra”, indicaron dende a federación Lucus Augusti.

Por esta razón, dende a propia federación anteriormente mencionada, solicitan á Concellería de Movilidad

e Infraestruturas do Concello de Lugo que “acometa a remodelación do sistema de iluminación vixente na actualidade, nas rúas arriba mencionadas, dado que contan cun sistema de iluminación obsoleto —de 30 e ata 40 anos de antigüidade—, de escasa potencia lumínica, elevado custo, escaso en número de puntos de luz e, en moitos casos, mal situado, o que supón un risco importante para as numerosas persoas que a diario circulan por estas vías da nosa cidade”.

Dende a Federación Lucus Augusti espérase que dita solicitude sexa tida en conta pola Administración con competencia directa nesta materia: a Concellería de Movilidad e Infraestruturas do Concello de Lugo.

Continúan as melloras no parque Rosalía de Castro



O mapa do parque Rosalía, xa remodelado

Xa volve estar en funcionamento o Mapa da Península Ibérica do Parque Rosalía de Castro, logo de que a instalación permanecera inactiva durante moitos anos. Recuperará así o seu cometido pedagóxico e cultural, “xa que este mapa non só ten un valor didáctico senón tamén emocional ao ser aquí onde moitas xeracións de lucenses adquiriron e reforzaron os seus coñecementos de xeografía”, di a alcaldesa.

O mapa sinalizará con luz led branca as capitais de provincia e Lisboa, e de cor vermella os 14 faros que contén, dispoñendo, alén, dun circuito de auga plenamente operativo para situar o leito dos ríos do país.

A alcaldesa subliñou a importancia histórica deste mapa cartográfico, que data de 1928.

“Foi o presidente do directorio militar, Miguel Primo de Rivera quen propuxo a súa colocación cando o alcalde da época, Ángel López Pérez, o levou no seu propio automóbil a visitar o Parque. Dese paseo xurdiu o acordo, ratificado logo o 24 de xuño de 1929, para adquirir á casa Hypzos, este mapa, realizado a escala 1:250.000 —e cunhas dimensións aproximadas de 4’90 metros de Leste a Oeste e de 3’60 m de Norte a Sur—, que tivo un custo económico para o Concello de 11.650 pesetas”, explicou a rexedora.

A actuación enmárcase dentro do plan de melloras e de acondicionamento intensivo que o Concello está a levar a cabo no parque Rosalía de Castro para conmemorar o seu centenario o vindeiro 2 de xullo.

Renovadas as instalacións do local sindical da Deputación

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, acompañada do Xefe de Recurso Humanos, Manuel Mel, e representantes dos sindicatos, visitou as renovadas instalacións do Local Sindical da Deputación de Lugo, na Praza de Santo Domingo. A institución cumpre así cunha reivindicación histórica dos representantes dos traballadores para facilitar o seu traballo e mellorar a atención ao persoal.

A Deputación adaptou este local para crear catro novos espazos, que permitirán ás organizacións sindicais con representación na institución ter un espazo propio de traballo. Estas novas divisións contarán con mobiliario e equipamento informático cando o grupo o solicite.

“Esta mellora forma parte dun compromiso deste Goberno cos representantes dos traballadores para habilitar un espazo propio para cada sindicato nos locais da praza de Santo Domingo. Estas catro oficinas permitirán unha mellor atención aos traballadores e traballadoras da Deputación de Lugo”, afirmou García Porto. Estas instalacións súmanse á sala de Xunta de Persoal e á de Comité de Empresa, que xa estaban dispoñibles no espazo sindical da administración provincial.

Contratan un servizo de xestión catastral

O Goberno de Lara Méndez deu luz verde ao procedemento de contratación dun servizo de xestión catastral que colabore co Concello na realización de actuacións e na tramitación dos expedientes nesta materia, así como na xestión tributaria do Imposto de Bens Inmóveis.

Segundo avanzou a edil de Gobernanza, Paula Alvarellos, “a finalidade desta asistencia concretarase na elaboración de datos gráficos, cartográficos e alfanuméricos dos inmobles urbanos así como na comprobación da información física, xurídica ou económica dos expedientes abertos e que resulta necesaria para a súa tramitación”. “Tamén deberá encargarse da cartografía catastral e da realización de planos dixitais así como dos impresos procedentes – referiu a concelleira – en tanto, un catastro completo e actualizado é o instrumento fundamental que nos permitirá levar a cabo unha xestión axeitada do territorio, acorde aos principios de sostibilidade que perseguimos”.

Alvarellos Fondo sinalou que a

adxudicataria do contrato ofrecerá, así mesmo, atención, asistencia e información ao contribuínte nas súas dependencias e con persoal propio.

“Trátase de botar man de todos aqueles mecanismos que están á nosa disposición co fin de efectivizar a xestión municipal, dotándonos dos medios necesarios para desenvolver un labor áxil en todas as fases dos procedementos administrativos que cursamos pero, acadando ao mesmo tempo, a resolución dilixente das demandas e necesidades da cidadanía coa calidade e a prontitude debida”, afirmou a responsable de Gobernanza.

Paula Alvarellos indicou, así mesmo, que o orzamento base da licitación – que terá unha duración de tres anos, prorrogable por outros dous – é de 47.456 € para o primeiro exercicio, tendo en conta a estimación realizada pola área de Facenda Local (redactora dos pregos, baixo a coordinación que a Tesoureira Municipal fai da área económica), en base aos traballos anuais que se agarda realizar.

O Concello de Lugo pretende dar impulso á inspección tributaria

O Concello pretende darlle impulso á inspección tributaria coa contratación dunha colaboración que axude aos servizos municipais nas tarefas de vixilancia, aumentando o seu rendemento e facendo aflorar a economía mergullada, combatendo a fraude. Deste xeito, habilitarase unha asistencia técnica, material e informática en materia de inspección tributaria municipal que desenvolverá tarefas de apoio nos procedementos de xestión, sanción, resolución de recursos e na notificación levados a cabo polo Concello.

A concelleira Paula Alvarellos abonou que, entre as tarefas que deberá asumir a empresa adxudicataria, figura tamén a asistencia na confección do Plan de Inspección dos diferentes tributos dos que se nutren as arcas locais, así como a xeración do ficheiro de intercambio da información censal coa Axencia Estatal da Administración Tributaria correspondente ao IAE, “dando cobertura, de maneira global, a todos os feitos impositivos que se constitúen como base de ingresos de dereito público que nos atinxe recadar”.



A alcaldesa xunto á concelleira Paula Alvarellos

“O contrato terá unha duración de tres anos, prorrogables en períodos anuais por outros dous até un máximo de cinco, nos que a empresa deberá, ademais, aportar o seu propio equipo de recursos humanos integrado, como mínimo, por un xefe ou delegado responsable, un técnico e un auxiliar administrativo así como aportar o local onde desenvolverán as súas funcións”, indicou Paula Alvarellos. A licitación terá un custo de 282.000 euros anuais, “aínda que o servizo prestado terá unha remunera-

ción variable en función da débeda tributaria cobrada.

O executivo local aprobará a apertura do procedemento de contratación para a xestión recadatoria municipal en período executivo, así como a xestión das multas de tráfico e das sancións derivadas do incumprimento das medidas de prevención e contención da crise sanitaria, logo de recaer esta función – a criterio do Consello Consultivo de Galicia e en contra dos informes da Avogadía do Estado – nas entidades locais.

AJE Lugo saca unha promoción para os novos empresarios

A Asociación de Novos Empresarios de Lugo (AJE Lugo), sempre velou polos intereses dos empresarios e empresarias, emprendedores e autónomos da provincia de Lugo, poñendo á súa disposición a completa listaxe de servizos e convenios co que contan.

Xa sexa a través de asesoramento, formación, congresos, networking, acompañamento durante o nacemento e consolidación dos proxectos empresariais; AJE Lugo leva anos contribuíndo á visibilización, apoio e recoñecemento do tecido económico-empresarial de Lugo desde a base. Por iso, a Asociación quere soste e facilitar o acceso aos seus servizos e o emprendemento, sen esquecer aquelas outras empresas xa consolidadas e cunha maior traxectoria. É por iso que no mes de xuño lanzan unha promoción válida ata que finalice agosto, grazas á cal, os socios que veñan recomendados por outro, acolleranse á campaña Trae unha empresa!, e ambos poderán beneficiarse dun 50% de desconto na cota trimestral. As condicións son moi simples: so-



cio novo que se inscriba coa recomendación doutro socio, ou dous novos socios que se recomenden mutuamente. Desconto de 50% na cota trimestral durante un ano para ambos e a cambio, o compromiso dun ano de permanencia na asociación.

As inscricións poden facerse a través da web www.ajelugo.com, no teléfono 982 224 699 ou no correo info@ajelugo.com, ou presencialmente na oficina situada na Av. Coruña, 500 Edificio CEI NODUS, 1ª planta. Na web pódese atopar a listaxe de servizos e convenios propios da Asociación e, a través do correo, solicitar máis información sobre outros convenios e servizos aos que teñen dereito os socios.

Continúa o proceso de activación da Mesa da Industrialización

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, trasladoulle á Vicerreitora da USC en Lugo, Montserrat Valcárcel, a importancia do proxecto que impulsa o Goberno local para atraer novos investimentos e empresas á cidade co fin de crear emprego, “nun proceso acorde co modelo de cidade sostible no que estamos a traballar”.

Unha das ferramentas que se está a activar é a mesa da Industrialización de Lugo, á que convidou a participar á Universidade de Santiago, “porque é especialmente importante poder contar co potencial que ofrece á institución universitaria a través da súa labor formativa, de investigación, de difusión do coñecemento e de impulso de novas empresas”.

A esta mesa xa se sumaron os axentes e colectivos económicos da cidade e a Xunta a través da vicepresidencia e consellería de Economía, Emprego e Industria, e o obxectivo da alcaldesa é que se vaian incorporado tamén o tecido social e o resto das institucións.

Na reunión, onde tamén estiveron presentes a concelleira de Desenvolvemento Local e Emprego, Ana



Reunión sobre a mesa da industrialización

González Abelleira, e o edil de Xuventude, Mauricio Repetto, a rexedora lembrou que esta mesa para a Industrialización complementa a Estratexia Lugo Transforma, o fondo emprendedor municipal co que o Concello mobilizará 12 millóns de euros en cinco anos para atracción de empresas con alto impacto social e ambiental.

“É o maior investimento que desenvolve Lugo na súa historia para a atracción de empresas nun momento tan urxente como o actual, no que

debemos traballar na recuperación do municipio debido a crise que nos deixan as restricións sanitarias derivadas da pandemia, e que afectaron especialmente ao sector comercial e a hostalaría”.

Esta mesa ten entre os seus obxectivos impulsar o acordo entre axentes políticos, sociais e económicos, detectar os recursos e capacidades da cidade para sentar as bases dunha futura industrialización e deseñar medidas para a atracción de empresas e talento a Lugo.

Licitadas as actuacións para preservar Santa Eulalia de Bóveda

O Plan Director do templo de Santa Eulalia de Bóveda xa foi licitado. Trátase dun documento que sentará as bases das actuacións necesarias para avanzar na preservación e posta en valor deste Ben de Interese Cultural. O templo cumpre o 90 aniversario da súa declaración como Monumento Histórico-Artístico Nacional xunto con outros nove bens patrimoniais senlleiros da provincia.

O contrato sae a licitación por un importe de 122.400 euros e un prazo de execución de 24 meses. Así pois, apuntouse que o obxecto é “establecer o estado de conservación actual” para “definir as liñas de actuación de cara ao futuro”, así como as “propostas para o desenvolvemento sustentable deste ben a través dunha xestión axeitada”.

Lembráronse sucesivas actuacións de preservación e promoción do monumento e agora iníciase a tramitación para contratar este Plan Director, que terá “un proceso de elaboración complexo porque será un documento amplo que permitirá afondar no seu coñecemento e guiará as súas necesidades e condicións de mantemento nos vindeiros anos”, incluído o xeito de abordar o seu uso cultural dunha forma “racional e sostible”.

O templo de Santa Eulalia de Bóveda foi declarado Monumento Histórico-



O templo de Santa Eulalia de Bóveda é Monumento Histórico dende 1931

Artístico Nacional en 1931 xunto con outras tres construcións da capital lucense – a Catedral, as Termas romanas e o convento de San Francisco (actual igrexa de San Pedro).

Así pois, convídase á xente a visitar estes símbolos do patrimonio cultural e artístico de Lugo. Búscase, da mesma forma, seguir traballando na súa perservación e no impulso de monumentos deste tipo.

Dende o goberno galego nomearon as obras que están actualmente en marcha, como os traballos de posta a punto das igrexas de San Francisco de Lugo, cun orzamento superior aos 750.000 euros; e Santo Estevo de Ribas de Miño, un dos bens máis emblemáticos da Ribeira Sacra, no que o Gober-

no galego está a investir preto de 350.000 euros. Tamén se traballou nos últimos meses na restauración da igrexa de San Nicolás de Portomarín, unha das máis recoñecidas do Camiño Francés, á que se destinaron 250.000 euros.

Por último, destacou a restauración das pinturas murais da igrexa monacal de San Salvador de Vilar de Donas; actuar na cuberta e a fachada da igrexa de San Paio de Diomondi; avanzar na rehabilitación da Casa Reitoral e o proxecto museográfico do Centro de Interpretación de San Martiño de Mondoñedo ou restaurar o retablo da lactación ou de San Bernardo da igrexa do mosteiro de Santa María de Meira, entre outras actuacións.

Comezan as obras dos accesos de Fazai, Farxocos e Outeiro



Supervisión da novas obras dos accesos

Comezaron as obras de mellora dos accesos en Fazai (parroquia de Carballido), Farxocos (parroquia de Santa María de Bóveda) e en Outeiro (parroquia de Santiago de Saa), con cargo ao Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais por importe de 63.142 euros.

A intervención, cofinanciada co Feader (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural), e que foi adxudicada á empresa Cholo SL, terá un prazo de execución de tres meses.

O edil responsable explicou que as

obras previstas terán por obxecto proceder á limpeza e formación de cunetas námbalas dúas vías “para facilitar a circulación de augas de escorrentía, así como cubrilas cunha capa de rodadura de mestura asfáltica en quente, previa regularización da superficie nas zonas máis deformadas ou con baches, tendo en conta que as dúas estradas presentan un firme moi deteriorado que aconsellaba a súa renovación”, indicou. No caso de Outeiro, instalárase ademais sinalización horizontal.

Reforzan o servizo de recollida de enseres tamén nas parroquias

O Concello vén de poñer un marcha un reforzo na recollida de enseres, tanto na cidade como nas parroquias, a fin de reducir o número de mobles e enseres que se depositan na vía pública.

O operativo ampliouse tanto en persoal como maquinaria e horario de recollida. Púxose en marcha a comezo deste mes, duplicándose o servizo, segundo indican, “en resposta á demanda veciñal e ao incremento do número de enseres depositados nas rúas”.

Este reforzo incorpora a un conductor e un peón que levan un camión brigada con plataforma elevadora de luns a sábado en horario de 07:00 a 13:30. A maiores do servizo diario de recollida de luns a venres que conta con outro conductor e peón que levan un camión brigada de caixa aberta con pluma.

Dende o Concello fixeron un chamamento de colaboración á veci-



Camións do servizo de recollida de enseres

ñanza para que utilice este servizo, recordando que é totalmente gratuíto, e se activa cunha simple chamada telefónica ao 982-25-44-83 en horario de oficina. No momento de recibir a petición, xa se lle indica ao veciño ou veciña o día e a hora en que pasarán a recoller eses residuos.

Ademais, a cidadanía de Lugo tamén pode levar os seus mobles e enseres vellos particularmente e de xeito gratuíto ao Punto limpo do Concello, que está situado no polígono do Ceao, na Rúa dos Carros. O horario de apertura é de luns a sábados, de 10:30 a 13:00 e de 16:00 a 20:00 horas.



Desvío a Muxa polas obras

Desvío da estrada de acceso a Muxa a causa das obras

A estrada de acceso a Santa María de Muxa vén de desviarse para avanzar na execución das obras de ampliación do polígono das Gándaras.

Así pois, establécese un acceso alternativo cara a zona de Piñeiro polas rúas María Barbeito e Leopoldo Hernández Robledo -rúas A e H do polígono, respectivamente-.

A medida está incluída no proxecto e no plan de tráfico das obras de ampliación desta área industrial e colocáronse os correspondentes indicadores na zona. En concreto,

na rúa Leopoldo Hernández Robledo instálase sinalización vertical adaptada ao límite de velocidade de 30 quilómetros/hora en zona urbana para vías dun só carril por sentido de circulación; así como un paso peonil sobreelevado para minorar a velocidade no desvío antes de incorporarse ao tráfico do polígono.

Está previsto que este desvío teña carácter definitivo e unha vez finalizadas as obras colocaranse novos carteis en substitución dos actuais provisionais de cor amarela.

AO NOSO CARÓN

friol

Licitan dous proxectos de pavimentación e alumado

O Concello de Friol licita as obras de dous proxectos importantes para mellorar a calidade de vida dos seus veciños e veciñas e tamén para mellorar a iluminación no rural a vez que repercutirá en minimizar o gasto municipal en consumo de enerxía. Con estas actuacións pretenden, por unha parte, mellorar e acondicionar varias vías de acceso de tres parroquias, e por outra, realizar cambios no alumado público de outras tres.

A primeira obra consistirá no acondicionamento e pavimentación de varias vías de acceso, entre as que se atopan a vía entre a parroquia de Carballo e o núcleo de A Casanova na parroquia da Rocha, unha vía de acceso a Prado, e outra vía de acceso a Castroá, na parroquia de Vilalvite.

A segunda obra trátase de continuar coa execución de actuacións para conseguir un aforro e unha eficiencia enerxética nos alumados públicos, en esta ocasión nos barrios de Cimadevila e Chao na parroquia de Narla, no barrio da Pena en Cotá, e tamén na parroquia de Ramelle.

Son dous proxectos importantes para a poboación de Friol, pois trátase de realizar melloras e mantementos de camiños municipais que benefician ás parroquias de Carballo, Rocha, Prado e Vilalvite, e en xeral a unha gran parte da veciñanza. E co cambio de luminarias preténdese conseguir unha redución dos costes enerxéticos e de mantemento redución de emisións de CO2 e outros gases de efecto invernadoiro, mellora na calidade lumínica, etc. Estas actuacións traerán unha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes do municipio, pois a mellora de todos estes camiños e o cambio das luminarias, facilitará o acceso polos mesmos aos habitantes do Concello. Para o equipo de Goberno isto é algo de vital importancia e no que traballan cada día e como di o seu alcalde “o noso traballo é conseguir que as nosas veciñas e os nosos veciños teñan a mellor calidade de vida posible e para iso tamén é importante ter en bo estado de conservación os accesos polos que teñen que circular cada día”.

Firman o convenio para dotar de saneamento ao núcleo de Roimil

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, asinou un convenio de colaboración para dotar de saneamento o núcleo de Roimil, que suporá un investimento de máis de 280.000 euros.

O acordo, asinado coa conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, ten como obxectivo a execución dunha rede de saneamento e depuración de augas residuais nos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira, onde se atopan 20 vivendas con 200 habitantes. Segundo este convenio, a Xunta, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de 225.600 euros. Ademais, levará a cabo a contratación e a execución das obras, que contan cun prazo de execución de seis meses.

Pola súa banda, o Concello de Friol contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando 56.400 euros, ao tempo que asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións.

As actuacións serán financiadas pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-



Firma do convenio entre o alcalde de Friol e a conselleira de Infraestruturas

2020, como parte da resposta de la Unión á pandemia da covid-19.

AS ACTUACIÓNS PROXECTADAS.

O convenio asinado entre a Administración autonómica e a entidade local recolle os traballos precisos para dotar de saneamento o núcleo de Roimil. A solución proxectada céntrase na construción da rede de colectores necesarios para evacuar as augas residuais ata o sistema de depuración previsto, que estará formado por unha depuradora de

oxidación total con capacidade de depuración para 200 habitantes.

A rede de saneamento componse dunha condución principal, 2 colectores que verten ao principal e recollen sendas rúas do núcleo e 4 ramais secundarios. A rede complétase con 59 pozos de rexistro.

Para o funcionamento do sistema de depuración inclúense partidas para a acometida eléctrica, así como o sistema de medida e protección, e instalación interior para o seu correcto funcionamento.

Patrimonio dos Ancares documenta o gravado dun sol nun dolmen de Guldriz

O Colectivo Patrimonio dos Ancares, a través de Brais Rodríguez Romero, documentou fai uns días un gravado inédito, que se cre que é único en Galicia, e está situado no dolmen da mámoa número 2 da necrópole da Costa de Mera, na parroquia friolesa de Guldriz. Na parte inferior da cara interna dun dos esteos que forman a cámara megalítica vense unhas catorce liñas radiais que parten dun círculo. “Trátase dunha clarísima representación do Sol”, di o experto.

Este dolmen, que aínda conserva seis esteos da cámara megalítica, foi descuberto polo investigador Juan F. Núñez Jato a finais dos anos oitenta do pasado século XX, e visitado a mediados dos anos noventa polos arqueólogos César Parcerro Oubiña e Carlos Otero Vilariño quen documentaron na parte superior dun dos chantos tres cruces gravadas de factura moi posterior.

Se ben se consideran como soliformes algunhas gravuras aparecidas



Unha imaxe do dolmen atopado na zona

nun reducidísimo número de dólmenes de Galicia, estas son moi esquemáticas e de non doada interpretación. “Pola contra, a representación deste dolmen de Friol é clarísima, non admitindo dúbidas canto á figura que quixeron representar os seus construtores”, engaden.

Na Península, para ver unhas fi-

guras tan nidias do sol insculpidas nun dolmen, aínda que tamén moi escasas, hai que trasladarse a Andalucía, Cataluña, Extremadura ou Portugal.

Na comunicación enviada a Patrimonio solicitan que por posuír este gravado, o enterramento sexa declarado Ben de Interese Cultural (BIC).

Organizan campamentos atléticos para o verán

O Concello opta por celebrar este verán uns campamentos atléticos, coa colaboración do club de Atletismo Friol. Os monitores encargados de intentar contaxiar a súa paixón polo deporte aos máis novos de este municipio, serán dúas persoas de gran peso no club, dous veciños de Friol, María Carballido e Cristian Montecelo, dous grandes atletas de Friol.

O prazo para inscribirse nestes campamentos atléticos, que serán gratuítos, comezará o luns 14 de xuño. Pode realizarse esta nas oficinas do Concello de Friol, ou tamén a través do correo electrónico info@concellodefriol.es.

Esta actividade de verán comezará o día 1 de xullo e rematará o 31 de agosto. Realizarase en horario de mañá, dende as 10:00 ata as 13:00 horas.

Dividiranse aos nenos e nenas interesados en participar, en dous grupos, dependendo das idades. Un primeiro grupo será de 4 a 9 anos, os martes e os xoves, e un



segundo grupo, os luns, mércores e venres, para os participantes con idades entre os 10 e os 14 anos.

O alcalde de Friol, Jose Ángel Santos, di que “dende o equipo de Goberno apoiamos este tipo de actividades xa que fan que os máis novos do noso Concello poidan sentir, descubrir, aprender e desfrutar do deporte e dos seus innumerables beneficios”.

castroverde

Xa hai gañadores dos certames de microrrelatos e de poesía

O I Concurso de microrrelatos do Concello de Castroverde que tiña como temática os Estereotipos de xénero xa ten gañadoras. O primeiro premio recaeu en Lucía González Campos co relato *Sucar no silencio*; o segundo foi para Tania Lorezo López coa obra *Ceibe* e o terceiro lugar ocupouno Silvia Penela Vázquez co relato *A gandeira e a trante*. Os premios foron de 400, 200 e 100 euros respectivamente. En canto ao sorteo da tablet entre os/as participantes do concurso de microrrelatos, a gañadora foi Rocío Arias Álvarez.

O concurso tiña a temática dos Estereotipos de xénero e tiña que levar no corpo do microrrelato algunha referencia directa ou indirecta con algunha das seguintes frases: a muller ten que ser nai para estar realizada, os homes son máis razón e as mulleres máis emoción,

a cor rosa é para as nenas e a cor azul para os nenos.

POESÍA. Xa se coñecen as gañadoras do I certame de poesía 2021 organizado polo Concello. O certame contaba cun premio de 100 euros para cada unha das tres categorías: infantil, xuvenil e adulta, sen embargo, na categoría xuvenil non se presentou ningunha obra polo que se premiaron dous poemas na categoría adulta. O xurado do concurso estaba composto por María Luísa Queizán, María Remedios García e Manuel Muñiz, profesores de lingua e literatura no CPI de Castroverde -excepto Muñiz, que está actualmente xubilado-.

Así pois, os premios foron para o poema *A miña felicidade* de Nerea Yebra, para Eva González con *Fuximos libres* e para Rocío Polín con *A miña vida*.

Xornada formativa sobre as doenzas do castiñeiro

O Concello acolle o vindeiro venres día 2 de xullo a xornada formativa Loita contra doenzas do castiñeiro. O evento será impartido polo Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Ríos, de Ourense e levarase a cabo no salón de plenos do Concello de Castroverde.

O horario no que se desenvolverá o curso será de 10:30 a 14:00 horas

e realizarase unha parte teórica e unha parte práctica. Para poder levar a cabo a xornada terá que haber un mínimo de 15 alumnos inscritos.

Así pois, as inscricións pódense facer ata o día 25 de xuño nas oficinas do Concello de Castroverde. Para máis información ou para calquera dúbida pódese consultar a páxina web do concello ou acudir as oficinas.

portomarín

Destinan 19.000 euros ao campo de fútbol

A Secretaría Xeral para o Deporte investiu 18.720 euros nos traballos para instalar unha rede de protección que pecha todo o perímetro do campo de fútbol de Portomarín.

Por parte da deputación explicouse que a achega do Goberno galego supón o 80% do orzamento da actuación, asumindo o concello 4.700 euros ata sumar os 23.400 euros de custo total. Neste sentido, explicou que a Secretaría Xeral para o Deporte participa neste proxecto co obxectivo de potenciar o deporte base, sendo consciente da importancia da súa colaboración económica para que as administracións locais poidan afrontar obras que favorezan a

práctica deportiva. No caso concreto do municipio de Portomarín, dispón dunha zona deportiva na que se sitúa o campo de fútbol, unha instalación referente e moi utilizada polos veciños e veciñas pero que carecía de protección exterior, xa que fora preciso retirala debido ao seu deterioro. O novo peche de malla mide 150 metros de lonxitude e ten unha altura de seis metros.

Dentro da súa planificación, a Secretaría Xeral para o Deporte apoia aos concellos na construción ou mellora de instalacións deportivas, “para poñer á disposición da cidadanía servizos de calidade que fomenten o deporte e un estilo de vida saudable”.

castro de rei

Destinan 330.000 euros ao arranxo de vías municipais

O Concello destinará un total de 331.410 euros a sufragar dous proxectos para a mellora do estado de conservación de varias vías de titularidade municipal nas parroquias. A maior parte deste investimento corresponde ás obras de rexeneración de accesos aos núcleos de Triabá, Quintela, Bazar, Bendia, Azúmara e Ribeiras de Lea, cuxo procedemento de licitación xa está aberto cun prezo de adxudicación de 256.900 euros.

Esta intervención finánciase con cargo ao plan único da Deputación, que achegará 253.829,38 euros, mentres que o resto, 17.281,50 euros, estará a cargo do Concello. Realizaranse labores de limpeza de cunetas, acondicionamento, rexeneración, pavimentación, sinalización e mellora da drenaxe.

Actuarase na estrada que vai desde a LU- P-1104 ata o límite municipal en Bardián, pasando pola igrexa de

Bazar, un trazado de case tres quilómetros; na Rúa do Castro de Castro de Ribeiras de Lea; catro viarios en Triabá; e os accesos ás vivendas de Bardián, ao barrio de O Castrillón e Reguntille. Ademais, un acceso en Quintela e outro en Cornide acondicionaranse, pero sen pavimentar. O obxectivo destes traballos é rexenerar varias vías públicas moi deterioradas pola súa antigüidade, uso e as inclemencias meteorolóxicas

Haberá campamento urbano en xullo

O Concello de Castro de Rei celebrará no mes de xullo un campamento urbano en dúas quendas para rapaces de 3 a 14 anos.

Así, a primeira será do 1 ao 15 e a outra do 16 ao 30 do esmos mes.

Esta actividade terá un horario de 9.30 a 14.00 horas con servizo de madrugadores desde as 8.30 horas.

No campamento desenvolverán actividades de deporte, animación, contacontos e animación á lectura, obradoiros, educación ambiental, excursión ao Aquapark de Cerceda, etc.

As inscricións poden facerse ata o 18 de xuño. Os formularios poden descargarse na web do Concello, www.castroderei.gal, e entregarse por rexistro.

Ofrecerán información no teléfono 982 804 773.



Dende a concellería de cultura informaron que a piscina de verán volverá abrir dende o primeiro de xullo ata mediados de setembro, respectando as normas covid. En próximas datas darán a coñecer os horarios, que seguirán a liña do ano pasado.

O Pleno aproba a proposta de mellorar a accesibilidade na estrada do Mercado

O pleno do Concello aprobou unha proposta do BNG encamiñada a mellorar a accesibilidade na contorna do pavillón, antigo centro médico e gardería, situadas na contorna da Estrada do Mercado.

Digna Lagarón explicou que “a vila de Castro Ribeiras de Lea ten unha importante falta de beirarrúas na maioría da zona urbana, esta falta é especialmente notable na contorna desta zona, onde coninciden distintos servizos públicos”.

Na proposta aprobada no pleno, o BNG propuxo ao Goberno Municipal que se adecente esta zona con beirarrúas e se cree un aparcadoiro no solar colindante co centro médico, e que desde se promova un plan de eliminación de obstáculos a todas as zonas sen adecentamento urbanístico da vila, comezando polas que implican máis perigo.

Homenaxe a Crecente Vega



Baixo o carballo de Luxís tivo lugar o acto de homenaxe ao sacerdote, latinista e poeta chairego Xosé Crecente Vega (nado en Castro de Rei no 1896 e falecido en Segovia en 1948), organizado pola Comisión Crecente Vega e polo Concello de Castro de Rei con motivo do 125º aniversario do seu nacemento. As persoas presentes no acto lembraron a figura de Xosé Crecente Vega como a dun dos “egrexos das Letras Galegas, considerado unha das tres coroas clasicistas, canda Noriega Varela e Aquilino Iglesia Alvariño”. Nesta acto tamén se presentou o libro póstumo *O mudo nun puño de remol*.

o corgo

Os socialistas piden unha cobertura sanitaria axeitada no municipio

O deputado do PSdeG-PSOE Luís Álvarez reclama ao Goberno de Feijóo “garantir a cobertura asistencial axeitada no Concello do Corgo coa incorporación dun profesional de pediatría no centro de saúde deste concello”.

Así o dixo tras escoitar as reivindicacións do Voceiro do PSdeG-PSOE do Corgo, Francisco Otero Besteiro, quen denunciou as carencias sanitarias que sofre a veciñanza. O Deputado denunciou que “nos 9 anos de goberno de Núñez Feijóo non existe unha proposta firme de medidas para paliar o déficit e o problema de falta de profesionais sanitarios e, por tanto, de alteración na asistencia sanitaria pediátrica, continúa sen que exista previsión de mellora”.

Remarca ademais que “unha eficiente xestión da atención primaria permitiría facilitar o funcionamento optimizado do sistema, habilitando máis funcións para o persoal de enfermería, axilizando trámites e

considerando unha planificación da asistencia con maior atención ao ancoraxe de poboación a través da garantía de servizos en determinadas zonas, como ocorre neste caso”.

Álvarez advirte tamén na súa proposta “que o Goberno de Feijóo mantén unha política de contratación limitada, recortada e limitadora de dereitos e estabilidade laboral”. Estas cuestións contribúen a un problema de déficit de profesionais, “que para Feijóo converteuse nunha escusa e, case, nunha solución para rexeitar as peticións que se trasladan, ben dende un punto de global como específico de localidades, apoiándose nas dificultades de contratación. O caso de centro de saúde da Corgo resulta un exemplo do déficit de xestión do servizo de pediatría. Neste centro, a atención pediátrica préstase por parte dun médico de familia o que levou a un número elevado de familias a mudar o seu centro de saúde por carecer do dito servizo”, explica.

outeiro de rei

Gañadores das Letras Galegas

A Biblioteca pública municipal de Outeiro de Rei deu a coñecer a relación de nenos e nenas premiados no Certame de Narración e Debuxo infantil das Letras 2021 na súa convocatoria local.

Así, na categoría de debuxo resultaron premiados na categoría A, ata 8 anos, Yanira Casanova Sánchez, Iago Río Pernas e Alicia González Núñez cun accésit para Dolores T. Otero Fidelis. Na categoría B, para nenos entre 9 e 11 anos, os premios foron para Paula Novás Fernández, Daniel Vidal Martínez e Lara García Pérez tamén cun accésit que foi para Uxía Pin Barreiro e Cora Hernández Souto. En narración tamén houbo fallo para a única categoría en concurso, a B. Gañaron Diana Lakshmi Batigué Andrade, Galia Cabarcos Varela e Iris Peña Piñeiro con accésit para Iratxe Totoricabuena Rodríguez.

Rematan as obras do Plan Marco de 2019 en Outeiro de Rei

O Concello de Outeiro de Rei, mediante Resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se aproba o Plan Marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, realizou a obra de Mellora de camiños nas parroquias de Candai, Cela, Folgueda e Paz. Esta actuación está subvencionada por Agader coa cantidade de 48.613,00 euros e cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. A mellora de camiños é unha das obras máis demandadas polos veciños deste concello que ten unha gran extensión de terreo e poboación moi dispersa.

Actividades ao aire libre no programa da muller este verán

Un ano máis o Concello de Outeiro de Rei organiza unha serie de actividades de promoción da muller. Haberá unha actividade física ao aire libre entre o 25 de xuño e o 30 de setembro os martes e xoves de 17.00 a 18.00 horas. Proposta lúdica e de saúde no Campo de Santa Isabel (cando o tempo non acompañe, trasladarase á pista polideportiva do CEIP Laverde Ruíz). Ximnasia de mantemento ou relaxación son algunhas das opcións que atoparán as participantes nesta actividade.

Suspendida a Feira de artesanía



Unha imaxe da feira de fai dous anos

O Concello de Outeiro de Rei acordou por segundo ano consecutivo a suspensión da Feira da Artesanía de Outeiro de Rei prevista para o primeiro sábado do mes de xullo.

“Aínda que situación actual, derivada da crise sanitaria ocasionada pola covid-19, é bastante mellor que a do ano pasado por estas datas, a incerteza que aínda acompaña a evolución da pandemia, unido á necesidade de tomar unha decisión cunha certa antelación tratando de evitar maiores prexuízos a expositores e empresas subministradoras dos servizos que require este evento, determinaron non

alargar máis a toma desta decisión por parte do goberno municipal”, indican dende a organización.

“Evidentemente, non foi unha decisión fácil a cancelación deste popular evento que normalmente atrae a preto de cen expositores e numeroso público a esta localidade, anulación que seguramente supón un esforzo para as persoas que virían a gozar da feira pero seguramente moito máis, para aquelas outras que virían a traballar na mesma; tamén para o propio Concello de Outeiro de Rei que espera que a feira teña continuidade o próximo ano”, recalcan.

pol

“Fago deporte co mellor animal, sempre estou montando”

A polense Rocío Díaz Cortón é, aos seus 19 anos, unha referencia no mundo do raid

Como mellor se atopa é sobre un cabalo, así é Rocío Díaz Cortón, veciña da parroquia de Lea, en Pol, que leva dende que as normas llo permitiron vinculada ao mundo da competición equipa. Agora, con 19 anos, esta estudante de dietética mantén o seu interese pola competición tan nítido como sempre. A súa intención é facerse un nome dentro dunha complicada disciplina o raid, unha modalidade moi esixente que lle vén de familia.

Díaz, que foi dúas veces campiona autonómica, participou no raid que se celebrou en Pol recentemente e aínda que os resultados non lle favoreceron non perde de vista o seu obxectivo de continuar mellorando.

Cando empezaches a competir?

Empecei a competir con 10 anos porque antes non se podía.

Como foi que decidiches meterte no mundo da competición?

Metinme no mundo do cabalo grazas á miña nai.

Que o que máis che gusta deste deporte?

O que máis me gusta é a competición que hai entre o cabalo e o xinete.

Que vantaxes e desvantaxes ten?

Ten vantaxes como que me axuda a esquecerme de moitas outras cousas, fago deporte co mellor animal do mundo, pásomo ben e podería estar sempre montando. Ten desvantaxes como que por moito que adestres e fágalo moi ben non



Rocío Díaz Cortón, nunha das últimas probas hípias

sempre as cousas saen como queres que saian.

Cal é o logro do que te sintes máis orgullosa?

Síntome orgullosa de moitos logros, non podería elixir un en concreto.

Como compaxinas co resto de ocupacións?

Son unha persoa que me organizo moi ben e dáme tempo a facer todo o que queira.

Vivir nun lugar como Pol facilita poder dedicarte a competición?

Non, non a facilita, Galicia está no extremo do país e temos moitas máis dificultades que o resto.

Que condicións físicas se necesitan para practicar este deporte?

A única forma física que necesitas é adestrar o mesmo que vaia a adestrar o teu cabalo.

Que obxectivos de futuro tes vinculados ao este deporte?

Con respecto ao deporte nun futuro gustárame poder chegar máis arriba e demostrar máis o que vallo, porque ultimamente non mo permite a sorte.

LUGOXA

NOVO XORNAL GRATUÍTO

A INFORMACIÓN LOCAL
NA TÚA MAN

SÉ O PRIMEIRO EN COÑECER
AS NOVAS DE LUGO

VISITA A NOSA WEB
www.lugoxa.com

INFORMACIÓN DIARIA
ACTUALIZADA

661 464 323 - redaccion@lugoxa.com

DEPUTACIÓN

O Pleno acorda pedir a Feijóo que financie os centros de maiores

A Deputación de Lugo reclámalle á Xunta de Galicia que asuma as competencias ás que está obrigada por Lei e que “lle pague o que lle debe aos veciños e veciñas da provincia” en materia de residencias. Este é o contido do acordo que sacou adiante no Pleno ordinario deste martes o Goberno provincial, que aprobou abrir un proceso de negociación coa Xunta de Galicia para que asuma tanto a financiación dos Centros de Atención a Maiores da institución, como a súa inclusión na rede pública de residencias autonómicas. A proposta recolle tamén reclamar ó Goberno galego que modifique o seu modelo macro residencial para fortalecer e consolidar unha rede galega de residencias públicas de pequeno tamaño que garanta a permanencia dos maiores no seu entorno, mellorando a atención e xerando emprego de calidade que contri-

búa a fixar poboación no rural. Pola súa banda, o PP negouse, unha vez máis, a que a Xunta asuma a súa obriga legal, recollida tanto no Estatuto de Autonomía como na Lei de Servizos Sociais, de contribuír ao financiamento dos servizos de atención ás persoas maiores na provincia. O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, recalcou que, por Lei, a Xunta debe “contribuír a esa gran labor da que estamos moi orgullos na Deputación” porque ata agora “non aportou nada, nin para a construción, nin para o financiamento dos centros de atención a maiores provinciais”. “Tratar de xustificar que a Xunta colabora coas libranzas vinculadas é, ou non ter nin idea, ou ser hipócrita, porque estas son un dereito dos usuarios e usuarias, que a Xunta lles ten que dar porque non ten prazas públicas de residencia suficientes”.

Os circuitos teatrais comezarán no verán

A Deputación traballa na definición dos circuitos de teatro afeccionado e profesional para comezar coas actuacións de cara ao verán. Así, confirmouse que se volverá crear un catálogo de obras e grupos para ofrecer as súas actuacións a concellos e asociacións.

Programaranse preto de cen actuacións de grupos afeccionados e profesionais cun investimento de 100.000 euros, “uns recursos que ademais de contribuír directamente á dinamización cultural das comarcas e concellos son un incentivo para a formación e a compra de equipamento técnico por parte dos grupos teatrais”, din dende a Deputación. No ano 2020, a Deputación promoveu a través dos circuitos de teatro afeccionado e profesional un cento de actuacións nas distintas comarcas, coa colaboración de concellos e asociacións. Os ciclos incluíron obras de 15 grupos afeccionados e 9 compañías profesionais, contribuíndo a manter a súa actividade nos meses con maior incertidume sanitaria. O ano pasado demostrouse, conxuntamente, que a cultura é segura, aplicando en cada momento as medidas de prevención indicadas.

Lanzan Coñece a túa provincia, un programa de viaxes gratuítas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou o programa Coñece a túa provincia, unha nova medida que lanza a institución dentro do seu Plan de Impulso da Economía da Provincia e que está destinada a estimular o turismo de proximidade e favorecer a recuperación sostible deste sector e da hostalaría e o comercio local fronte ao impacto da pandemia con viaxes gratuítas pola provincia para os veciños e veciñas.

A Xunta de Goberno aprobou desenvolver o programa Coñece a túa provincia, e licitar un contrato para a súa execución durante este ano e o vindeiro, con opción de prórroga por outro ano máis, por un importe total que supera os 300.000€.

O presidente explicou que esta nova iniciativa de Deputación está dirixida a entidades sen ánimo de lucro de toda a provincia, e consiste en viaxes gratuítas en pequenos grupos, dunha xornada de duración, por distintos puntos da xeografía lucense, seguindo diversas rutas.

Segundo avanzou o mandatario



O prazo de inscrición comezará no mes de xullo

provincial, o prazo para que as asociacións e colectivos poidan inscribirse e solicitar praza comezará no mes de xullo e as viaxes empezarán na segunda quincena de setembro e continuarán ata novembro. No ano 2022, as viaxes desenvolveranse na primavera (entre marzo e xuño), e no outono (entre os meses de setembro e novembro).

4.300 PRAZAS EN 37 ITINERARIOS

En total, entre este ano e o próximo, Coñece a túa provincia ofrece-

rá preto de 4.300 prazas. As viaxes terán lugar de luns a venres, e contarán con guías profesionais de turismo. As asociacións poderán elixir entre un total de 37 itinerarios polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico de toda a provincia.

Oito itinerario son pola comarca da Mariña, 10 rutas son pola Ribeira Sacra, 8 itinerarios pasan pola zona de Ancares-Courel e as 11 rutas restantes percorreren as comarcas de Lugo e Terra Chá.

Aberto o prazo para solicitar este mes os Bonos Impulso

Abriu o prazo para que a veciñanza da provincia solicite os Bonos Impulso da Deputación de Lugo. A institución provincial repartirá 17.000 descontos nominativos de 30€, para compras dun mínimo de 60€, que poderán solicitarse ata o día 21 de xuño e gastarse en calquera comercio, negocio de hostalaría e servizos dende a súa recepción e ata o 31 de agosto deste ano. Con esta medida, que forma parte do Plan Impulso da Economía da Provincia da Deputación, mobilizarase máis de 1,5M€ nos sectores máis afectados pola crise sanitaria grazas ao seu efecto multiplicador.

Na páxina web da Deputación de Lugo habilitarase un espazo no que, durante 15 días hábiles, todos os maiores de 18 anos empadroados na provincia poderán pedir o seu desconto para gastar nos establecementos adheridos do seu concello, unha medida que naceu co propósito de xerar actividade económica nos 67 municipios que conforman a provincia de Lugo. A solicitude realizarase a través da

sede electrónica ou mediante o procedemento habitual, presentando a documentación nas oficinas de rexistro.

Os bonos poderanse gastar en todo tipo de actividade comercial, hostaleira e de servizos, agás á compra de bebidas alcohólicas, tabaco e lotarías. Asignaranse por orde de presentación de solicitudes, respectando o número mínimo e máximo establecido de bonos por concello, e fixando nesta primeira fase de asignación un máximo dun bono por persoa. Os beneficiarios recibirán na súa casa, a través de correo postal, o seu Bono Impulso, que poderán utilizar como método de pagamento nun único establecemento. Este bono será nominativo, é dicir, levará o nome e apelidos de cada persoa, o que permitirá identificalo no momento da compra. De non esgotarse todos os bonos nesta primeira fase de solicitude, a Deputación de Lugo habilitará novos prazos e realizará sorteos entre aqueles cidadáns interesados en participar no programa.

Xa se poden presentar as candidaturas aos premios á hostalaría e o turismo

A Deputación de Lugo abre o prazo de presentación de candidaturas para a segunda edición dos premios Lugo Cambia ao turismo lucense e ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense. O Boletín Oficial da Provincia (BOP) recolleu este mércores 2 de xuño as bases da convocatoria destes galardóns da Deputación, que poñen en valor e visibilizan o traballo e a calidade do sector turístico e gastronómico da provincia. As candidaturas poden presentarse dende mañá ata o vindeiro 2 de xullo, incluído.

Como novidade, na segunda edición destes galardóns, as candidaturas poden presentarse a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata, tal e como se solicitou no Consello Provincial de Turismo. Así mesmo, a proposta pode ser presentada por persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro que teñan repercusión positiva no turismo e na gas-



tronomía a nivel provincial ou nunha zona específica.

Serán nomeados tres premios en cada categoría e será o Consello Provincial de Turismo o que actúe como xurado nunha sesión extraordinaria. Premiarán a singularidade ou a repercusión positiva sobre a imaxe da provincia de Lugo, entre outros factores. As bases tamén recollen que os recoñecementos Lugo Cambia ao turismo lucense e ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense serán entregados nun acto público, sempre que a situación sanitaria o permita, o vindeiro 27 de setembro, coincidindo co Día Internacional do Turismo.

DEPORTES

Xornadas de portas abertas no Club Voleibol Emevé

Chegan as xornadas de portas abertas ao Club Voleibol Emevé no pavillón do Seminario.

Comézase unha nova campaña de descubrimento de nenos e nenas que estean interesados en probar o deporte do Voleibol, así coma probar a entrenar en dito clube. As xornadas levaranse a cabo os mércores e os venres e rematarán o día 23. Os nenos e nenas nados entre os anos 2017 e 2014 adestrarán no horario de 17:00 a 17:50 horas. Os que naceran entre o 2013 e 2011, de 17:50 a 18:40 e, finalmente, os nados nos anos 2010 e 2009 o horario será de 18:40 a 19:30.

Dende o clube animan a que to-



dos aqueles nenos e nenas que desexen dedicarse ao volei ou que simplemente queiran practicar deporte de maneira divertida, contacten con eles a través das redes sociais ou no teléfono do clube 600 406 299.

Lugo Sala continúa coa planificación da vindeira tempada 20/21



Os pequenos do Lugo Sala nun partido deste ano

Dende a dirección deportiva do club Lugo Sala séguese planificando a próxima tempada 2021-2022 e por iso xa se atopa aberto o prazo de altas para novas inscricións no club unha vez finalizado o período prioritario para renovacións para os actuais xogadores e xogadoras da entidade.

Durante todo o verán e ata o arranque da nova tempada entre os meses de agosto e setembro, dependendo da categoría, seguiranse recibindo novas altas no club ata completar os diferentes equipos cos que contará tanto Lugo Salga como Lugo Futsal na nova campaña.

Todos aqueles nenos/as interesados en formar parte da Escola de Lugo Sala e que queiran realizar

a súa inscrición, poden contactar co club a través do teléfono 616 037 489 ou enviando un correo electrónico a escuela@lugosala.com ou administracion@lugosala.com, onde se lles informará de todos os detalles de cara ao próximo curso deportivo, así como de realizar a inscrición. As categorías coas que o club contará con equipos, tanto masculinos como femininos, serán: biberón, prebenjamín, benjamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.

PORTAS ABERTAS. Durante este mes de xuño o club seguirá realizando estas xornadas para que os nenos e nenas poidan desfrutar do fútbol sala, así coma coñecer a metodoloxía de traballo da entidade.

O campus de Álex Llorca volve a Lugo

Lugo acolle este verán dende o 5 ao 11 de xullo a sexta edición do campus Álex Llorca. As instalacións onde se realizará este campus serán o Pazo dos Deportes e o pabellón Anexo. Así mesmo tamén se levarán a cabo actividades en outras instalacións como a piscina municipal de Frigsa e o centro deportivo Forus.

Haberá dúas modalidades: de réxime interno no cal os nenos e nenas chegarán o domingo 4 de xullo ás 20:00 horas o Centro de Educación Especial Santa María de Lugo onde pernoctarán; e de réxime externo, no que chegarán o propio luns 5 de xullo ás 10:00 horas ao Pazo dos Deportes.

Os obxectivos do campamento é que os nenos e nenas disfruten do deporte en compañía de xogadores e xogadoras que non se



atopan no entorno habitual, que non só aprendan de baloncesto, senón que socialicen e convivan nun espazo que primen os valores, entre outros.

Para máis información ou para inscribirse pódese contactar a través da web ou do facebook do propio campus.

Aberto o prazo de inscrición do campus de verán do Lumieira

Chega a Lugo o campamento urbano polideportivo Lumieira. As fechas nas que se desenvolverá serán do 5 ao 30 de xullo e realizarase de luns a venres.

O campamento está dirixido a nenos e nenas de entre 4 e 14 anos (nados entre o 2006 e o 2016) e as actividades que se van a levar a cabo aínda están en proceso de confirmación.

O prazo de inscrición abriu o

día 1 de xuño e para anotarse é preciso facelo dende a páxina web do propio campamento. Os prezos varían dependendo do número de semanas nas que se inscriba e se se vai o día completo ou só medio día.

Para máis información ou para calquera dúbida pódese contactar no número 650198987 ou no correo lumieiralugo@gmail.com.

O Residencia organiza un campus de tecnificación

O SDC Residencia organiza a finais deste mes de xuño un campus de tecnificación de fútbol no campo municipal da Cheda. O campus está dirixido a nenos e nenas de entre 4 e 14 anos (nados entre o 2007 e o 2016).

As actividades que se levarán a cabo serán actividades específicas de porteiros, exercicios de tecnificación, actividades recreativas e tempo libre. Haberá a posibilidade de realizar o campus en dous turnos diferentes: por unha beira, nos días 23, 24 e 25 de xuño e, pola outra, nos días 28, 29 e 30. O horario xeral será de 9:00 a 14:00

horas e o especial será de 8:30 a 14:30 horas.

O campus conta con seguro de responsabilidade civil, grupos reducidos, equipación, merenda de media mañá e protocolo covid. Así mesmo, a realización do evento está condicionada a un mínimo de 30 inscricións e o programa de actividades será comunicado unha vez se cerre, en función das medidas sanitarias correspondentes. Para máis información e para as inscricións pódese contactar no correo sdresidencia@gmail.com ou no teléfono 669 533 666.

Dispoñibles os cursos de iniciación ao piragüismo

Xa están dispoñibles os cursos de iniciación ó piragüismo no Club de Piragüismo Cidade de Lugo. Para poder disfrutar da experiencia hai que apuntarse na propia web e só hai dous requisitos: ter máis de 7 anos e saber nadar.

Para máis información pódese contactar no teléfono 627 514 175, de luns a venres de 15:00h a 21:00 horas ou no correo curso@ciudadedelugo.com.

Dimite a directiva do Muralla Rugby Club

O pasado 20 de maio, Juan Pedro Ortiz Sanz presentou a súa dimisión irrevocable como presidente do Muralla Rugby Club. Así mesmo, ao día seguinte tamén o fixeron os vocais da xunta directiva, José Antonio Carro e Ventura Sobrido. Este último seguirá como responsable de desenvolvemento da sección de Touch Rugby. Dende o clube agradécenlles os dous anos que levan traballado e colaborando co equipo.

A pesar da dimisión, a xunta directiva seguirá ao fronte do clube provisionalmente ata que sexa convocada a Asamblea Xeral e eleccións á presidencia.

O CP Lucense comeza coas xornadas de portas abertas



O CP Lucense comezou esta semana coas xornadas de portas abertas. O clube quiere dar a coñecer o balonmán na cidade, así como dar a oportunidade de probar a experiencia no equipo e en dito deporte a todos aqueles nenos e nenas de 4 anos ou máis. As xornadas son gratuítas. Para inscribirse ou para máis información pódese contactar nos números de teléfono 655 482 766/ 696 442 247 ou no correo admin@cplucense.com.

O Breogán busca esta semana a volta á ACB

O Breogán conseguiu, gañando a Lucentum Alacante (87-77), o pase á final que lle dá dereito a disputar a única praza que dá acceso á máxima categoría do baloncesto español.

Despois dunha tempada estraña, o equipo de Lugo puido derrotar primeiro a Palma e logo a Alacante, ambas as series no terceiro partido, aproveitando a vantaxe que dá ter o factor cancha a favor e xogar o partido decisivo en casa ante o seu público.

Na final perdeu ante o Granada, que se impuxera ao Basket Coruña por 72-68, tamén no terceiro partido, e evitou un derbi galego que a convertese

nunha festa para o baloncesto galego. Os lugueses caeron por 67-53 e quedan á espera do que sucede no partido da volta, que será no Pazo dos deportes de Lugo o xoves 17. En caso de necesitar un desempate, este disputaríase o domingo, pero esta vez sería na cancha do Selecta, xa que teñen o factor cancha ao seu favor.

Espérase unha final moi intensa e igualada, que se decidirá por pequenos detalles, mentres a afección confía en que un gran traballo do equipo poda levarlos a celebrar o ascenso despois de que a tempada pasada víse-se truncada a posibilidade por mor da pandemia.

Adi Iglesias consegue o ouro no Europeo de Atletismo Paralímpico

A lucense Adiaratou Iglesias consegue a medalla de ouro nos 100 metros T13 do campionato de Europa de Atletismo Paralímpico. A velocista xa contaba cunha das 16 prazas do Comité Paralímpico Español para os Xogos, logo de conseguir a mínima para Tokio no Campionato do Mundo Paralímpico de Dubái 2019. Así mesmo, nesta proba, outra española, Nuria Pascual conseguía a séptima posición.

A atleta do Lucus Caixa Rural Galega puxo rumbo esta semana a Polonia onde se está disputando o Europeo de atletismo paralímpico, o maior evento deportivo do ano antes dos Xogos Paralímpicos de Tokio 2020, logo de que quedaran aprazados pola situación sanitaria.



Adi Iglesias no Europeo

Unha carreira solidaria dividida en sete

A XI Carreira Solidaria do colexio CPR Cervantes cambia este ano o seu nome polo de Memorial Profe Alberto. Dende a organización estiveron pendentes para ver como avanzaba a situación sanitaria e cal eran as medidas que se poñían. Así pois, a edición non se pode realizar pero hai novidades respecto a este ano.

En primeiro lugar, todo o diñeiro recadado destinarase á asociación Somos unidos polo cancro, onde dirixen o traballo e os beneficios á axuda de pacientes con cancro e ao seu entorno familiar.

Así pois, a pesar de que non se vai



poder facer unha carreira como noutros anos, dende a organización

informan que se poderá competir en 7 circuitos diferentes de Lugo, medindo con Strava todos os tempos nas zonas máis emblemáticas dos atletas lucenses. O evento realizárase entre o 14 e o 28 de xuño e os circuitos son: o paseo do Rato, o paseo do Miño, o paseo fluvial, o adarve da Muralla, o parque Rosalía, Friga e o circuito ecolóxico.

Ademais, para esta edición propuxéronse dous retos: 1000 kilómetros e 500 actividades entre todos os participantes. Para máis información pódese visitar o facebook Carrera solidaria colegio de Cervantes Lugo.

O CD Lugo prepara xa a próxima tempada coa categoría salvada

O CD Lugo respira aliviado despois de conseguir o obxectivo nunha tempada para esquecer. Desta forma, continúa na segunda división do fútbol español despois de gañar 0-1 en Vallecas ao Rayo Vallecano. Un punto foi o que o separou dun Sabadell que tamén fixo os deberes contra o Mirandés, vencendo por 2 goles a 0. Os dez puntos conseguidos nas últimas catro xornadas foron imprescindibles para salvar ao conxunto galego de volver a caer á liga de bronce tras nove tempadas en segunda.

Actualmente, unha vez consolidada a praza en segunda, o equipo xa comeza a facer movementos. O primeiro levouno a cabo na tarde de onte de forma sorpresiva coa incorporación de Mauro Pérez como novo director deportivo e como máximo responsable da



Celebración dos xogadores do Lugo no campo

estrutura deportiva do clube. Así pois, o canario firmará por dúas tempadas coa idea de dar estabilidade ao equipo e facer unha boa estrutura directiva.

Desta forma, o CD Lugo xa comeza a traballar de cara á próxima

tempada na que ten que volver a configurar unha plantilla con xogadores que volven de cesión, xogadores que rematan contrato e xogadores que xa non contan para o clube; o que suma un total de doce efectivos.

Adrián Vázquez únese ao Sagrado Corazón

A ADC Sagrado Corazón contará cunha nova incorporación ao grupo de traballo de técnicos para a próxima campaña que se unirá ao xa existente nesta tempada á que lle restan dúas semanas para chegar á súa conclusión. Así, Adrián Vázquez será o novo coordinador deportivo do club relevando no posto a Brais Rozados que comunicou á Directiva hai dous meses que non podería seguir compaxinando as súas funcións como máximo responsable da área deportiva que veu exercendo esta campaña, aínda que si seguirá ligado ao club dirixindo como primeiro adestrador a dous equipos.

Adrián Vázquez acumula unha ampla experiencia tanto como adestrador como coordinador xa que militou en Escolas como a do SD Monterroso, SD Antas, SDC Polvorín ou Pontevedra CF, ademais de adestrar a equipos senior en Preferente ou Primeira Galicia (SD Monterroso, SD Antas, Laracha CF e SD Chantada) ou ser preparador físico no CD As Pontes e Cerceda (3ª división). Actualmente dirixe as seccións de fútbol e fútbol sala do CP Maristas, labor que seguirá desenvolvendo.

O técnico lucense conta co título de adestrador nacional de Fútbol Nivel I, II e III, é licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, e conta co Máster Universitario de Preparación Física pola RFEF. Ademais, é formador de adestradores na Escola Galega de Adestradores da RFGF desde o 2016.

Adrián Vázquez será primeiro adestrador dun dos equipos da Escola,



así como preparador físico dos equipos de fútbol-11.

NOVA TEMPADA. Este pasado domingo finalizaba o período prioritario de renovación de praza na Escola de fútbol do club Sagrado Corazón para a tempada 2021-2022 para os actuais xogadores e xogadoras da mesma. Finalizado ese primeiro período un 92 % dos xogadores e xogadoras renovaron a súa praza para a próxima campaña e dende o luns 7 de xuño o club ten aberto o período de novas altas na entidade para todos aqueles nenos/as que desexen pasar a formar parte de cada un dos equipos ata completar as prazas dispoñibles en cada un dos mesmos.

Este período de novas altas estará aberto durante o verán e iranse completando os equipos das diferentes categorías, para rapaces nados entre 2003 e 2017, entre xuvenil e biberón. Para solicitar máis información ou realizar o alta, os xogadores e xogadoras interesados poden enviar un correo electrónico a club@adcsagradocorazon.es ou chamar ao 636 31 15 16.

O Ribeira FS impulsa e forma no fútbol sala dende a canteira

O equipo lugués conta con dezoito equipos masculinos, un deles tamén en F8

Un grupo de coñecidos de Ribeira de Piquín, que formaban equipo de fútbol sala na liga local de Lugo, aventuráronse no ano 2006 a crear un club baixo o nome do seu concello da comarca de Meira. Con moito esforzo e traballo, o seu conxunto sénior logra a día de hoxe formar parte da 2ª División B. Pero este non foi o único logro do club nestes derradeiros anos, posto que na campaña 2016/2017 comezan a traballar formando a súa canteira, e dúas tempadas despois crean a sección feminina da entidade.

O Ribeira F.S. conta na actualidade con 185 xogadores divididos en 17 conxuntos masculinos: 1

Bea Puente, responsable da sección feminina do club, explica que o traballo de canteira é “fundamental, primeiro porque cremos na importancia do deporte na formación integral dos máis novos e, nese punto, nós como formadores temos unha grande responsabilidade. O noso obxectivo principal é formar persoas que posúan os valores do deporte (traballo, constancia, cooperación, compromiso...) e que os poidan aplicar nos demais ámbitos das súas vidas. En segundo lugar, damos importancia a crear hábitos saudables, levando vidas máis activas, afastando aos máis novos das tecnoloxías que os mante-

grupos. Ademais teñen o apoio de varios axudantes, que son xogadores e xogadoras dos equipos sénior, “xa que entendemos que a súa implicación é fundamental posto que son referencia para a canteira”.

Estes técnicos e técnicas traballan mediante dúas liñas, “método analítico e global, facendo fincapé neste último”. Procuran formular tarefas nas que haxa “unha relación continua dos contidos que van a ser aprendidos polos xogadores e xogadoras, traballando conxuntamente

O seu conxunto sénior conseguiu recentemente o ascenso á categoría Preferente

aspectos técnicos, tácticos e físico-motores. Na nosa escola intentamos que a persoa protagonista de cada actividade, xogo ou tarefa sexa o xogador ou xogadora”.

Para dar as máximas facilidades aos nenos e nenas do club repártense os horarios dos adestramentos en función da etapa formativa-deportiva na que se atopen, pero non sempre lles resulta doado.

Bea comenta que a dispoñibilidade horaria das instalacións coas que conta Lugo non é moi ampla, “debido á gran cantidade de deportes realizados nas instalacións polideportivas e ao gran número de clubs e de nenos e nenas que hai na cidade practicando deporte, é difícil adecuarse e dar cuberto as necesidades de todos os clubs. Neste ano tan complicado tivemos que recorrer á utilización de instalacións polideportivas privadas, para poder ofrecer unha actividade de calidade, sabendo o difícil que pode chegar a ser costear estes gastos”.

Coa pandemia todo se dificultou, pero a base leva adestrando



para esta campaña 2020/2021 dende outubro, salvo cando a Xunta prohibiu a práctica deportiva, “estivemos adestrando sempre, adaptándonos ás limitacións de contacto físico ao primeiro, no que se primaban tarefas de técnica individual de balón. Houbo que adaptarse ao uso da máscara que agora xa é unha compañeira máis no día a día e coa que todos e todas amosaron unha responsabilidade abraiante”.

A COVID. As consecuencias da covid tamén se notaron deportivamente, aínda que de maneira diferente en función dos niveis de competición, “coa base non o notamos tanto porque o marcamos como unha tempada máis de formación na que o que menos nos importa é o nivel competitivo. Nos equipos Sénior, o masculino leva xa moitos meses de competición ao depender de

Federación Española entón é máis parecido a unha tempada normal no que a meses de competición se refire, aínda que si que prexudica que hai moitos paróns por mor de confinamentos nos equipos cando hai algún positivo, cousa coa que tivemos moita sorte, posto que no noso equipo, ningún xogador tivo covid. No caso do Sénior feminino, que ademais se estrea nunha competición mais esixente, ao ascender á Preferente Galega, é distinto, xa que apenas acaban de iniciar a competición, levando 6 meses de pretempada e máis dun ano sen competir. Iso afecta, sobre todo na motivación, foi difícil mantela, sabendo que ao mellor nin este ano se podía competir, pero temos un grupo moi comprometido e que a pesar da situación estiveron adestrando a un gran nivel e esperamos que se demostre así nos resultados”.



equipo en chupete, 2 prebenxamíns, 3 benxamíns, 4 alevíns, 3 infantís, 2 cadetes, 1 xuvenil e o sénior, ademais dun equipo de fútbol oito na categoría alevín. En canto ás xogadoras do club, son un total de 43, que forman cinco equipos que militan nas categorías alevín, infantil, cadete, xuvenil e sénior, todas elas en ligas galegas. O seu conxunto sénior conseguiu recentemente o ascenso á Preferente e esta sección feminina acaba de fusionarse co Lieders Futsal coa idea de potenciar o crecemento da mesma.

ñen por moitas horas inactivos. E, por último, a nosa pretensión é ensinar fútbol sala, para que as xogadoras e xogadores teñan os coñecementos e habilidades suficientes para poder chegar a desenvolverse na pista e formar parte, nun futuro, dos primeiros equipos do club”.

PERSOAL TÉCNICO. Para loitar por esas metas, o Ribeira FS conta con 8 adestradores e 1 adestradora que teñen asignados os seus equipos e son responsables directos dos seus



LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@lugoxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 56-2021

COLABORACIÓN

Perdemos a exclusiva

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Probablemente non existe curruncho neste País onde non se teña producido algún litixio, con pleito incluído moitas das veces, por mor dos marcos das fincas. Afeitos estivemos, e aínda o estamos, a contemplar como veciños se poñían a mal polas lindes das súas leiras. Non hai aldea ao longo de Galicia que escape a estas diverxencias, as cales teñen derivado nalgúns casos en fatais desenlaces. E en todo lugar sempre había alguén que era autén-

tico “experto” na materia, coa finalidade de gañar algún metro máis de terreo, porque todo lle era pouco.

Esa cultura da propiedade tan arraigada que normalmente temos poda que inflúa nese tipo de comportamentos. Así, por un rego o paisano acudía xunto do seu avogado de confianza —ou iso pensaba el— e se tiña que acabar nos tribunais para defender a súa postura, pois facíao, aínda que o custe de todo o procedemento fose moi superior á probable ganancia que se agardaba obter.

Pero toda a terra é país e en tódolos sitios cocen fabas. Quizais nos pareza que no ADN galego vaían eses actos. Pois poda ser

que si, pero vemos que non somos soamente nosoutros. Así, noutras latitudes temos multitude de exemplos, nos que no canto de conciliar, óbtase por dar salto a outros estadios superiores, de consecuencias imprevisibles e polo xeral nada positivas. Se investigamos a fondo no rural asturiano, castelán ou estremeño, abofé que se atoparían similitudes a isto que podíamos pensar que estaba patentado por nosoutros.

Mais recentemente nos medios de comunicación, desde a prensa escrita ata a radio e televisión, fixéronse eco dunha nova protagonizada por un agricultor belga que resultou cómica pola súa espectacularidade. Este home non

entrou en conflito por variar o marco da súa propiedade en detrimento da do que tiña a carón. Nada diso. O amigo en cuestión foi quen de modificar a fronteira entre Bélxica e Francia, arrancando co seu tractor a pedra que sinalaba a liña divisoria de ámbolos dous países, saltando polos aires os acordos establecidos aló polo ano 1820. E non era un simple coio que se pode agarrar nun brazado, senón que era un pedroulo que pesaba 150 quilos. As interpretacións a dita acción, variadas; desde que existía unha firme intención de aumentar a superficie do seu agro, ata que simplemente levou o mollón por diante para poder así maniobrar mellor co seu tractor. O caso é

que o atrevido labrego foi chamado a capítulo, xa que nada máis e nada menos que o seu feito variaba o límite establecido entre estes dous estados membros da Unión Europea. Ben é certo que seica eran pouco máis de dous metros, pero os franceses non estaban polo labor de perder un só centímetro cadrado da súa nación e o bo do home parece que non lle quedará máis remedio que voltar o marco á súa ubicación anterior. Aquí semella que non se producirá un conflito diplomático e solucionarase o asunto.

Sempre se dixo: Un mal acordo é mellor que un bo pleito. Polo que vemos, dous mil quilómetros cara o norte tamén seguen o refrán.

Contos sen palabras

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Hai uns días tiven o pracer de asistir no meu querido Mondoñedo á presentación dunha exposición fotográfica sobre Carlos Casares comentada polo propio autor, o excelente fotógrafo Xurxo Lobato. Xamais asistira a un acto destas características tendo ao autor presente e foi unha experiencia moi gratificante. Lobato explicou conceptos moi interesantes sobre aspectos técnicos da fotografía, falounos sobre cómo as imaxes se colocan dun xeito concreto, seguindo unha orde específica, a relación entre o espazo, a sala de exposicións e as fotografías —aproveitamento da luz natural, disposición de portas e fiestras, etc.—, sen dúbida, información moi interesante e valiosa. Personalmente houbo unha frase que calou forte na miña cabeciña: “Unha exposición fotográfica é unha narración sen palabras”. Qué idea tan marabillosa e chea de verdade. Neste caso, sen coñecer en profundidade a vida de Carlos Casares (1941-2002), puiden descubrir cantidade de historias da súa vida profesional e persoal sen ler unha soa palabra. A cada paso, con cada fotogra-

fía, unha nova imaxe reveladora diante dos meus ollos mostrando á persoa, ao home, ao escritor. O amor polo seu Ourense natal, Lamas, Sabucedo, Santiago de Compostela, A Ramallosa —parroquia pertencente ao Concello de Nigrán onde residiu moitos anos—, a súa fascinación por Suecia —país que visitou en numerosas ocasións coa súa esposa Kristina—, etc. Toda unha vida en imaxes, unha idea fantástica especialmente ligada a Carlos Casares, quen gostaba da pintura. De feito, varias das súas obras foron ilustradas con cadros do pintor austríaco Adolf Schiele (1890-1918), referente da arte expresionista e un dos pintores preferidos de Casares.

Igual que unha imaxe pode expresar unha idea con claridade, a música goza dese mesmo poder. É realmente fascinante a capacidade descritiva dunha obra musical incluso cando non falamos de “música programática”, ou música que xa naceu ligada a un texto ou imaxe. Un exemplo moi representativo é o poema sinfónico “Prélude à l’après-midi d’un faune” do compositor francés Claude Debussy (1862-1918). Esta marabillosa peza está inspirada no poema homónimo de Stéphane Mallarmé, posteriormente adaptada tamén para os “Ballets Rusos” de Serguéi Diáguilev. Se falamos de música e

imaxe hai unha mención obrigada: “Cadros dunha exposición” do compositor ruso Modest Músorgski (1839-1881). Aínda que foi escrita orixinalmente para piano, acadou moita popularidade



de coa maxistral orquestración de Maurice Ravel (1875-1937). Músorgski compuxo esta suite inspirándose en dez cadros incluídos na exposición póstuma do seu bo amigo, o artista e arquitecto, Viktor Hartmann. Curiosa é a obra do compositor romántico alemán F.Mendelssohn (1809-1847) “Lieder ohne Worte”, “Cancións sen palabras”. Este conxunto de oito ciclos, cada un composto por seis pezas curtas para piano só, representa

o paradigma da música que, sen estar ligada a un texto concreto, calquera de nós podería imaxinar fermosos versos conectados a tan claro exemplo de lirismo e beleza. En contraposición temos

imaxe, unha palabra. Sentarte nun banco pola rúa e imaxinar contos sobre a xente que camiña inmersa nos seus pensamentos, os contos arredor da lareira en tempos antigos ou modernos —como disfrutamos hai uns días a miña querida Carol e máis eu entre risas, queixo e chocolate—. A imaxinación non coñece límites e calquera situación do día a día pode dar pé ao comezo dunha gran historia. Xamais é posible saber con seguridade qué misterios agochan o interior das cousas, sexan persoas, un poema, un cadro ou mesmo o ourizo dunha castaña. O que por fóra pode parecer agreste e cheo de espiñas, pode rematar por sorprendernos e amosarnos auténticas xoias ocultas.

«Hasme oír,
Agora busco que conxugues ben
o verbo dos posibles,
e que ti esquezas esa radio de cousas previas
amarrada sempre aos pensamentos.
Hasme oír: déixate
Que te percibas a ti,
Tamén ti atropelada das palabras,
á procura de trazos que nos describan.»
“Intempériome” de Xela Arias (1962-2003).

os dous ciclos de cancións que F.Schubert (1797-1828) compuxo sobre poemas do autor alemán Wilhelm Müller: “Die schöne Müllerin” e “Winterreise”. Sinerxía perfecta entre poesía e música, conectados ademais cos cadros do paisaxista alemán Caspar David Friedrich —véxase a pintura “O camiñante sobre o mar de nubes”—. O mundo que nos rodea está cheo de posibles historias inventadas, momentos que nos inspiran unha

Cinco segundos

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

No tocante a escribir, nesta ocasión vou a invitarvos a pensar, lectores. A asociar cada idea deste texto cunha persoa, un momento ou unha sensación; unha canción, un baile, un libro ou un verso. Unha idea pasaxeira ou permanente, unha fotografía ou un bico. E se queredes, logo de lelo dicidello, así con apelativo despois da coma. Pero facédeme caso e poñede a coma. Paula, cada vez que sei que teño clase contigo veño de mellor humor á Academia. Ángela, o café non me sabe igual cando mo preparas ti. Ana, se fose nai, gustárame ser unha miguíña coma ti. A “Vecina Rubia” fala da regra dos cinco segundos para emitir un xuízo de valor sobre algo ou alguén. E non pode estar mais acertada, coma de costume. Dille a alguén algo tan

só se o pode cambiar nun período máximo de tempo de cinco segundos. Desta maneira, non poderías dicirlle a alguén, “canto engordache este verán”, pero si poderías dicirlle que ten un moco no nariz, por exemplo. A miña nai non é quen en cinco segundos de reaccionar e esquivar unha laranxa se lla tiras con forza á cara, pero tampouco fai moita proba a boa da muller, bastante ten con aturarme durante bastante máis de cinco segundos explicarlle algún axioma que se me complica ao longo do corredor. Así que antes de atribuírlle a alguén unha premisa, pensade neste parágrafo tan regular explicado.

Entra agora na aplicación moedeiro do teléfono, a que está baleira e non emite notificacións desde fai máis dun ano, pecha os ollos despaciño, agora ábreos e mira, hai descargada unha entrada para ver a Coldplay, a quen escribirías para que fose contigo? Ou preferirías ir soa? De seguro que se tiveses en fronte a alguén que agora non pode

estalo, terías moi claras cada unha das palabras que dirías, mesmo a ausencia delas para tapalas cunha aperta, pois faino, antes de que sexa



demasiado tarde. Houbo unha noite que foi a peor para a miña familia, sen dúbida, unha noite tan ruín que nos roubou a todos os membros da mesma o dereito dun último bico. Mais miserable foi esa noite para miña tía, a ela rouboulle media vida

e a outra media aínda está aprendendo a vivila. Escóitade máis, pero fala máis tamén, gústasme cando o fas, porque te noto preto, ao revés que versa o poema. As palabras achegan corazóns separados polo orgullo. Seguindo cos mandados, agora esperta do asiento sen fiesta dun avión logo de doce horas dun voo soporífero que te devolve á casa, ou ao que ti sempre entendiches por iso, a quen botarías en falla na terminal? Tiveches cinco segundos e xa vin que pola túa mente pasaron varios nomes, pero desgraciadamente algúns deses nomes non saben nin saberán nunca que ocuparon esa posición privilexiada na túa memoria. Nin saberán nunca que tes para eles un pedaciño de acougo na túa alma. Ao avó Libardo facíalle especial ilusión cando lle daban o lirio de romeiro por San Antonio, e sabedes que? Que eu nunca lle merquei flores ata que me tocou levarllas ao camposanto. A iso me refiro, a chegar demasiado tarde. Os meus amigos fixeron un xogo no

que tiñamos que amosar tres cancións que nos definisen para outras persoas. Dúas delas non mas esperaba en absoluto, e unha aínda non a recibín. A min, que xa me encantaba que me fixesen descubrimentos musicais, non me puido gustar máis a idea, por iso agora vou a tratar de definir eu ás persoas que quero cun libro, co difícil que me vai a resultar esa tarefa. Belén sería Ámote, de Xosé C. Caneiro. E como non é o mesmo contalo que vivilo, aquí empezo a practicar un pouquiño diso que predico.

A darlle un tento a algún deses plans da lista de cousas improbables por facer. Porque di Laura Ferrero que tamén nos definen os desexos. Apela a que as nosas biografías deberían comezar por aí, por recoñecer o que non puidemos ou non soubemos vivir, porque afirma ser xustamente aquilo que en ocasións remata por definirmos. E ti, que foi o que non soubeches vivir? Se cadra, estás a tempo, ou igual xa é demasiado tarde, o Demo o sabe.

Complemento de paternidade

APUNTES XURÍDICOS



VEIGUELA
ABOGADOS

Onovo complemento de “paternidade” nas pensións por incapacidade permanente ou xubilación, convértese na reclamación máis esixida polos homes pensionistas! O complemento por maternidade nas pensións foi introducido no ano 2016, tras unha reforma da lei xeral da seguridade social e supuxo un incremento nas pensións de todas aquelas mulleres que tivesen dúas ou máis fillos. Este complemento por paternidade recoñecido exclusivamente ás mulleres, permitía que puidesen cobrar un importe máis elevado na contía da súa pensión, que se viu incrementada desde un 5% ata un 15% dependendo do número de fillos que tivesen, e excluindo desta posibilidade aos pensionistas homes.

O feito de que este incremento nas pensións outorgáse exclusivamente ás mulleres, provocou continuas queixas e reclamacións no noso país, ata que finalmente o tribunal de xustiza da unión europea nunha sentenza do 12 de decembro de 2019, recoñece tamén o dereito dos

homes para percibir este complemento.

Esta sentenza dítase por mor dunha demanda presentada por un home pensionista, pai de dúas fillas, contra o instituto nacional da seguridade social, reclamando que lle fose recoñecido o com-

plemento na súa pensión. Por mor desta sentenza do tribunal de xustiza da unión europea, os tribunais de xustiza españois xa veñen aplicando esta decisión e recoñecendo un complemento a todos aqueles homes que



plemento por “paternidade”. O instituto nacional da seguridade social denegoulle este complemento alegando que unicamente lle correspondía ás mulleres. Esta disputa, deu lugar a que o xulgado do social número 3 de

girona, presentase unha cuestión ao tribunal de xustiza da unión europea, o cal acabou declarando que conceder este complemento unicamente ás mulleres supón un trato discriminatorio e que os homes teñen o mesmo dereito a cobrar este

teñan dous ou máis fillos e que perciban unha pensión por incapacidade permanente ou xubilación (mesmo o recoñece o noso Tribunal de Xustiza de Galicia nunha sentenza ditada o día 20 de maio de 2020).

Grazas a estas sentenzas, moitos homes pensionistas do noso país que teñen dous ou máis fillos, están a ver como se incrementan mensualmente as súas pensións mensuais.

Cales son os requisitos que tes que cumprir?

Ter unha pensión por incapacidade permanente ou xubilación recoñecida entre o ano 2016 e o ano 2021. Ter ou ter dous ou máis fillos (biolóxicos ou adoptados).

Que beneficios supón este complemento?

Verás incrementada a túa pensión de forma mensual nunha porcentaxe, dependendo do número de fillos que teñas ou tiveses: Incremento nun 5% se tes dous fillos, incremento nun 10% se tes tres fillos e incremento nun 15% se tes catro ou máis fillos.

Ademais existe unha sentenza do xulgado do social da coruña, de data 6 de abril de 2021, Que recoñece tamén o dereito para percibir, a maiores do incremen-

to mensual, todos os atrasos desde a data en que foi recoñecida a pensión de incapacidade permanente ou xubilación, polo que non só lograrás incrementar a túa pensión mensual senón que cobrarás todos os atrasos correspondentes.

Que documentación necesitas para reclamar o complemento de paternidade?

Unicamente a copia do teu DNI, libro de familia e a resolución (ou no seu caso, a sentenza) pola que se recoñece a túa pensión. Non só os pensionistas a cargo da seguridade social teñen dereito a este complemento, os homes homes que teñan dous ou máis fillos e perciban unha pensión por incapacidade permanente ou xubilación das clases pasivas do estado tamén teñen dereito a percibir este complemento.

Onde podo acudir para reclamar o meu complemento de paternidade?

Para reclamar este complemento debes reunir a documentación indicada, e acudir a un despacho de avogados especializado en dereito laboral. En veiguela avogados reclamámolo sen cobrar primeira consulta, e só che cobraremos en caso de éxito da túa reclamación.

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

150 anos da Ponte da Chanca



Cómprense 150 anos do inicio da construción do Viaduto da Chanca. Unha efeméride que Lugo compartirá coa cidadanía de todo o país, poñendo en valor a transcendencia que tivo para a cidade a creación desta dotación.

O viaduto da Chanca é unha obra de enxeñería construída para o paso do ferrocarril da liña A Coruña-Palencia. O viaduto cruza o val que forma o río da Chanca, nome co que tamén se coñece o río Rato despois de recibir as augas do río Fervedoira. Ten unha lonxitude de 298 metros e 29 de máxima altura, conta con 20 arcos de medio punto peraltados, todos de 9,5 metros de luz, construídos en cadeirado de granito e xistos.

A súa construción comezou en 1871 e levou tres anos, fíxose baixo a dirección do enxeñeiro Ángel G. del Hoyo, e inaugurouse en maio de 1880. Unha vez rematadas as obras desta ponte, que constituiu unha das construcións ferroviarias máis importantes de España, chegou o primeiro ferrocarril á cidade de Lugo o 5 de outubro de 1875 procedente da Coruña.

A súa edificación, que tivo un custo de 2 millóns e medio de reais, supuxo que se acurtase a chegada ao municipio en máis de 8 quilómetros.

Nela traballaron homes e mulleres do barrio, carrexando cestos de area a cambio duns poucos reais, lucenses que contribuíron desta forma a levantar unha obra

sen a que non se entendería a historia máis recente de Lugo.

As tarefas para materializalo alongáronse ata o ano 1874, pero non foi até agosto de 1879 cando o primeiro convoi atravesou

Foi construída en 1871 para o paso do ferrocarril da liña A Coruña-Palencia, que a estreará no 1879

as súas vías. A apertura da prolongación da liña ata A Póboa de San Xulián e Sarria, nos meses de marzo e outubro de 1880, supuxo o inicio da súa andaina ata o día

de hoxe, que segue en activo.

Aínda nestes tempos segue sendo o nexo de unión da cidade de Lugo co resto da península.

A contorna na que se sitúa foi reformada hai uns anos, dando lugar a unha zona axardinada con bancos e un roteiro biosaudable que serve como principal zona de esparcemento e desfrute da natureza na cidade.

A zona conta cun vello muíño e un antigo lavadoiro á beira do río.

CAMIÑO PRIMITIVO. O Camiño Primitivo entra na antiga Lucus Augusti polo barrio da Chanca para despois chegar á Porta de San Pedro, dirixíndose por un trazado xa urbano cara á Catedral de Santa María e saír polo outro extremo da Muralla, na Porta de

Santiago.

HOMENAXE. O sábado 12 realizouse unha marcha no barrio da Chanca para conmemorar o 150 aniversario do viaduto. A actividade estivo organizada pola Federación de Asociacións de Veciños para render homenaxe e recoñecer publicamente a transcendencia que tivo para a cidade a creación desta dotación.

CORREOS. O Concello de Lugo xa acadou que a Fundación Once imprima a imaxe desta dotación nun dos seus cupóns diarios. Unha solicitude que non só foi ben recibida pola institución senón tamén aceptada, fixando para o próximo 7 de decembro de 2021 a data da súa difusión.



Arriba, unha vista xeral da Ponte da Chanca, e, abaixo, unha imaxe de 1905, feita por un fotógrafo inglés, e unha vista dende o río Rato